

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

2705 *Real decreto 170/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e se modifica o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro.*

A Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, estableceu, na disposición derradeira segunda, que se autorizaba o Goberno para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións foren necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Por isto, procédese á elaboración desta disposición, que desenvolve o título II da Lei 30/2006, do 26 de xullo, relativa á obtención, caracterización e avaliación das variedades vexetais e á creación do Rexistro de Variedades Comerciais.

Mediante a citada Lei 30/2006, do 26 de xullo, e a aprobación deste regulamento, como desenvolvemento do seu título II, procédese a corrixir as deficiencias da anterior Lei 11/1971, do 30 de marzo, de sementes e plantas de viveiro, no relativo á repartición competencial, o contido do dereito material e a súa adecuación ao dereito comunitario, e no referente ao dereito formal, ao se adecuar ás disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De acordo co anterior, mediante a disposición derradeira primeira, «Títulos competenciais», da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o título competencial aplicable nesta materia é o artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial, ao ser o Rexistro de Variedades Comerciais complementario do Rexistro de Variedades Protexidas, establecido na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

Con isto recoñécese esa actividade principal coincidente entre o Rexistro de Variedades Comerciais e o Rexistro de Variedades Protexidas, no sentido de que ambos realizan estudos e ensaios de campo e laboratorio para comprobar que as variedades candidatas á inscrición nas listas de variedades comerciais ou nas listas de variedades protexidas son distintas, homoxéneas e estables. Esa actividade común determina que, na tramitación das solicitudes, o procedemento administrativo teña un desenvolvemento paralelo e, no que se refire aos ensaios de identificación, a súa realización por calquera dos rexistros despreza a súa plena eficacia en ambos. As diferenzas esenciais entre estes rexistros veñen determinadas polos dereitos que outorga a inscrición das variedades en cada un deles de modo que, aínda que ambos caracterizan variedades, nun se recoñecen dereitos a favor do obtentor mentres que no outro se recoñece a conveniencia e utilidade do seu cultivo en España. Cómpre ter en conta, por iso, que o contido do exame técnico da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, e o da Lei 30/2006, do 26 de xullo, non son coincidentes na súa totalidade, por canto naquela o exame técnico consta unicamente dun ensaio de identificación e nesta o exame técnico consta, ademais, en moitas especies, dun ensaio de valor agronómico, de maneira que unicamente son coincidentes no ensaio de identificación. E, así mesmo, o exame técnico das variedades de conservación inclúese no ámbito de aplicación da Lei 30/2006, do 26 de xullo, pois as ditas variedades non teñen valor agronómico nin novidade e, en consecuencia, non lles é de aplicación o réxime da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro.

Este regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais contén novidades no que se refire á inclusión de disposicións relativas ao procedemento administrativo, xa que o regulamento anterior na materia, aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973, carecía delas.

Non obstante, e aínda que en moitas cuestións procedementais este regulamento, o mesmo que o fai o Regulamento de protección de obtencións vexetais, aprobado polo Real decreto 1261/2005, do 21 de outubro, remítese á Lei 30/1992, do 26 de novembro, noutros casos establece as súas propias regras, con base nos principios xerais establecidos na Lei 30/2006, do 26 de xullo, incluíndo disposicións sobre o rexistro de conservadores e en materia de variedades de conservación, aínda que é certo que este avance non supón un deseño acabado, fundamentalmente porque a Unión Europea tampouco terminou de definir algúns aspectos materiais ou de fondo, respecto de variedades de especies hortícolas e mesturas de forraxeiras, que son de gran transcendencia.

Este real decreto recolle parcialmente o contido de determinadas directivas xa incorporadas por outras disposicións que, mediante esta norma se derrogan, tales como a Directiva 2002/53/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, referente ao catálogo común das variedades das especies de plantas agrícolas, e da Directiva 2002/55/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, referente á comercialización de sementes de plantas hortícolas, e establece, ademais, o catálogo común de variedades de especies de plantas hortícolas, as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, ambas da Comisión, do 6 de outubro de 2003, que establecen disposicións de aplicación aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello e 2002/55/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas respectivamente, e a Directiva 2008/62/CE da Comisión, do 20 de xuño de 2008, que establece determinadas exencións para a aceptación de variedades e variedades locais de especies agrícolas adaptadas de forma natural ás condicións locais e rexionais e ameazadas pola erosión xenética e para a comercialización de sementes e patacas de semente destas variedades e variedades locais.

No mesmo sentido, recóllese parcialmente o contido da Directiva 2008/90/CE do Consello, do 29 de setembro de 2008, relativa á comercialización de materiais de multiplicación de froiteiras e chantóns de froiteira destinados á produción frutícola, e a Directiva 68/193/CEE do Consello, do 9 de abril de 1968, referente á comercialización de material de multiplicación vexetativa de vide, no que se refire á identificación de variedades e á obriga de encontrárense estas rexistradas oficialmente.

Por outra parte, tivéronse en conta as modificacións que se introduciron nas directivas 2002/53/CE e 2002/55/CE do Consello, do 13 de xuño de 2002, coa aprobación do Regulamento (CE) n.º 1829/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre alimentos e pensos modificados xeneticamente, e do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, que establece principios e requisitos xerais da lexislación alimentaria, crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e establece procedementos en materia de seguridade dos alimentos, polo que as variedades deben ter sido autorizadas tendo en conta esta normativa.

O acerto deste novo regulamento de variedades comerciais é que recolle nunha soa norma o contido de toda unha serie de disposicións que modificaban o Regulamento xeral aprobado pola Orde do 30 de novembro de 1973. Ese elemento integrador esténdese, mesmo, aos regulamentos técnicos de inscrición das distintas variedades, que agora se engaden como anexos á nova norma.

Por último, resulta igualmente procedente incorporar ao noso ordenamento interno a Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, pola que se establecen determinadas excepcións para a aceptación de razas e variedades autóctonas de plantas hortícolas que fosen tradicionalmente cultivadas en localidades e rexións concretas e se vexan ameazadas pola erosión xenética, e de variedades vexetais sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais, pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas, así como para a comercialización de sementes das ditas razas e variedades autóctonas, así como a Directiva 2010/46/UE da Comisión, do 2 de xullo de 2010, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas cales se establecen disposicións de aplicación, para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE e o artigo 7 da Directiva 2002/55/CE, ambas as dúas do Consello, con respecto aos caracteres que os exames

deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

A incorporación ao noso ordenamento da citada Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, comporta, por unha parte, a inclusión no novo Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais o establecido pola directiva nesta materia e, por outra parte, a modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de maio de 1986, o que se leva a cabo, nesta mesma norma, mediante a correspondente disposición derradeira primeira.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais.*

Apróbase o Regulamento do Rexistro de Variedades Comerciais, que desenvolve os preceptos do título II da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Tramitación electrónica.*

Os interesados poderán tramitar os procedementos que deriven desta norma por vía electrónica. As administracións públicas proverán que se habiliten os medios necesarios para facer efectiva esta vía, tendo en conta as competencias de tramitación establecidas no artigo 13 da Lei 30/2006, no relativo ao estudo formal das solicitudes de inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións, de igual ou inferior categoría, que se opoñan ao regulamento aprobado por este real decreto e, en particular:

- a) Os números 2.c).1 e 2.c).2 do artigo 5, así como a alínea d) do artigo 11 do Decreto 3767/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral sobre produción de sementes e plantas de viveiro.
- b) Os artigos 10 e 11 do Real decreto 929/1995, do 9 de xuño, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro froiteiras.
- c) O artigo 6, excepto o seu punto segundo, e o artigo 7 do Real decreto 208/2003, do 21 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide.
- d) Orde do 30 de novembro de 1973 pola que se aproba o Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais.
- e) Orde do 28 de abril de 1975 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de trigo, orxo e avea.
- f) Orde do 1 de xullo de 1985 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de millo, sorgo e híbridos de sorgo e pasto do Sudán.
- g) Orde do 1 de xullo de 1985 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de cártamo, colza, xirasol, soia e algodón.
- h) Orde do 28 de abril de 1975 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de remolacha.
- i) Orde do 1 de xullo de 1985 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de alfalfa, dactilo, festuca e ray-grass.
- j) Orde do 28 de abril de 1975 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de pataca.
- k) Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de especies hortícolas.

l) Orde do 23 de maio de 1986 pola que se aproba o Regulamento de inscrición de variedades de vide.

m) Orde do 9 de xullo de 1990 pola que se dan normas para a inscrición de conservadores no Rexistro de Variedades Comerciais de especies de plantas agrícolas.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de maio de 1986.*

Modifícase o Regulamento xeral técnico de control e certificación de sementes e plantas de viveiro, aprobado pola Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 23 de maio de 1986, nos termos seguintes:

Un. No número 5, engádesse unha nova letra, coa seguinte redacción:

«d) Variedade de especie hortícola desenvolvida para ser cultivada en condicións determinadas é aquela variedade de especie hortícola sen valor intrínseco para a produción comercial, pero desenvolvida para o seu cultivo en condicións agro-técnicas, climatolóxicas ou edafolóxicas determinadas.»

Dous. O número 15 bis modifícase, coa seguinte redacción:

«15 bis. Requisitos especiais para a semente de variedades de conservación e de variedades hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas:

a) A semente deberá descender de semente producida conforme prácticas ben definidas para o mantemento da variedade, no caso de que se poidan certificar como sementes certificadas dunha variedade de conservación.

b) A semente, salvo a de *Oryza sativa* e a de especies de plantas hortícolas deberá cumprir os requisitos de certificación da semente certificada establecidos nos correspondentes regulamentos técnicos de control e certificación específicos, a excepción dos relativos á pureza varietal mínima e dos relacionados co exame oficial ou o exame baixo supervisión oficial.

c) A semente de *Oryza sativa* deberá cumprir os requisitos de certificación aplicables á semente certificada de arroz de segunda reprodución (R-2), establecidos no Regulamento técnico de control e certificación de semente de cereais, a excepción dos relativos á pureza varietal mínima e dos relacionados co exame oficial ou o exame baixo supervisión oficial.

d) No caso de especies hortícolas, a semente destas variedades só se poderá verificar como de categoría estándar e deberá cumprir os requisitos establecidos no Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas para esta categoría de sementes, salvo no que se refire á pureza varietal mínima.

e) A semente destas variedades deberá ter unha pureza varietal suficiente. Nas especies de plantas hortícolas considérase como suficiente unha pureza varietal mínima do 90 por cento.

f) A semente dunha variedade de conservación só se pode producir na súa rexión de orixe. Se as sementes non se poden producir na súa rexión de orixe debido a un problema ambiental concreto, poderanse autorizar outras rexións para a produción de semente, tendo en conta a información subministrada polas autoridades en materia de recursos fitoxenéticos ou polas organizacións por eles recoñecidas para o efecto. Non obstante, a semente producida nesas rexións adicionais só se poderá utilizar na rexión de orixe.

Comprobarase, por medio de seguimento oficial, que os cultivos de semente destas variedades cumpren as disposicións deste regulamento, prestando unha atención especial á variedade, ás localizacións da produción de semente e ás cantidades.»

Tres. O número 22 ter modifícase, coa seguinte redacción:

«22 ter. As condicións de precintado e etiquetaxe da semente de variedades de conservación e de variedades hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas serán as seguintes:

A semente destas variedades só se poderá comercializar en embalaxes pechadas ou contedores cun dispositivo de precintado.

O provedor precintará as embalaxes ou contedores de semente de maneira que non se poidan abrir sen danar o sistema de precintado nin deixar probas de manipulación indebida na etiqueta do provedor, na embalaxe ou no contedor.

Para que o peche sexa seguro, de conformidade co parágrafo anterior, o sistema deberá incluír, polo menos, a colocación da etiqueta ou dun precinto.

As embalaxes ou contedores de semente levarán unha etiqueta do provedor ou unha nota impresa ou estampada que inclúa a seguinte información:

A inscrición: “Regras e normas CE”.

Nome e enderezo da persoa responsable da colocación das etiquetas ou a súa marca de identificación.

Ano de precintado, expresado do seguinte modo: “precintado en ...” (ano), ou, salvo en relación coa pataca de semente, o ano da última mostraxe para efectos das últimas probas de xerminación, expresado do seguinte modo: “mostras tomadas en...” (ano).

Especie.

Variedade.

A inscrición: “Sementes certificadas dunha variedade de conservación” ou “Sementes estándar dunha variedade de conservación” ou “Semente dunha variedade desenvolvida para o seu cultivo en condicións determinadas”, segundo lle corresponda.

Rexión de orixe, no caso das variedades de conservación.

Rexión de produción da semente, cando sexa diferente da rexión de orixe.

Número de referencia do lote dado pola persoa responsable da colocación das etiquetas.

Peso neto ou bruto declarado ou número declarado de sementes ou, excepto no caso de pataca de semente, o número declarado de sementes.

Cando a cantidade se indique en peso e se utilicen praguicidas granulados, substancias de recubrimento ou outros aditivos sólidos, indicárase a súa natureza así como a proporción aproximada entre o peso de semente pura e o peso total, salvo no caso de pataca de semente.

No caso de semente de variedades hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas, só se poderá comercializar en envases pequenos que non excederán o peso neto máximo fixado para cada especie no anexo VI.»

Catro. O número 23 bis modifícase, coa seguinte redacción:

«23 bis. Levaranse a cabo ensaios para comprobar que a semente de variedades de conservación e a de variedades hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas cumpren os requisitos de certificación establecidos no número 15 bis deste regulamento, alíneas b), c), d) e e).

Estes ensaios efectuaranse conforme os métodos internacionais vixentes ou, de non existiren tales métodos, de acordo con calquera método que resulte apropiado.

As mostras destinadas aos ditos ensaios tomaranse de lotes homoxéneos. Así mesmo, aplicaranse as normas sobre peso do lote e peso da mostra establecidas nos correspondentes regulamentos técnicos de control e certificación específicos.»

Cinco. O número 41 bis, alínea e), modifícase, coa seguinte redacción:

«e) Por cada variedade de conservación, excepto para as especies de plantas hortícolas, a cantidade de semente comercializada non excederá o 0,5 por cento do total da semente da mesma especie utilizada en España nunha campaña de cultivo, ou a cantidade necesaria para sementar 100 hectáreas, se esta cantidade é maior. Para as especies (salvo as variedades hortícolas, no caso que corresponda) *Pisum sativum*, *Triticum.*, *Hordeum vulgare*, *Zea mays*, *Solanum tuberosum*, *Brassica napus* e *Helianthus annuus*, esa porcentaxe non excederá o 0,3 por cento, ou a cantidade necesaria para sementar 100 hectáreas, se esta cantidade é maior.

Non obstante, a cantidade total de semente de variedades de conservación comercializadas non excederá o 10 por cento do total da semente da especie de que se trate utilizada anualmente en España, excepto para as especies de plantas hortícolas. Nos casos en que esa porcentaxe sexa inferior á cantidade necesaria para sementar 100 hectáreas, a cantidade máxima de semente da especie de que se trate utilizada anualmente en España poderase incrementar ata alcanzar a cantidade necesaria para sementar 100 hectáreas.

Para cada variedade de conservación de especies de plantas hortícolas, a cantidade de semente que se comercialice non poderá superar a cantidade necesaria para producir as plantas que sexan mester para a plantación en España da superficie máxima establecida no anexo V para cada especie.»

Seis. Engádese un anexo V coa seguinte redacción:

«ANEXO V

Restricións cuantitativas para a comercialización das sementes de variedades de conservación de plantas hortícolas

Nome botánico	Número máximo de hectáreas para a produción de plantas hortícolas por cada variedade de conservación en España
<i>Allium cepa</i> L. (var. cepa). <i>Brassica oleracea</i> L. <i>Brassica rapa</i> L. <i>Capsicum annuum</i> L. <i>Cichorium intybus</i> L. <i>Cucumis melo</i> L. <i>Cucurbita maxima</i> Duchesne. <i>Cynara cardunculus</i> L. <i>Daucus carota</i> L. <i>Lactuca sativa</i> L. <i>Lycopersicon esculentum</i> Mill. <i>Phaseolus vulgaris</i> L. <i>Pisum sativum</i> L. (partim). <i>Vicia faba</i> L. (partim).	40
<i>Allium cepa</i> L. (var. aggregatum). <i>Allium porrum</i> L. <i>Allium sativum</i> L. <i>Beta vulgaris</i> L. <i>Citrullus lanatus</i> (Trunb.) Matsum. et Nakai. <i>Cucumis sativus</i> L. <i>Cucurbita pepo</i> L. <i>Foeniculum vulgare</i> Mill. <i>Solanum melongena</i> L. <i>Spinacea oleracea</i> L.	20

Nome botánico	Número máximo de hectáreas para a produción de plantas hortícolas por cada variedade de conservación en España
<i>Allium fistulosum</i> L. <i>Allium schoenoprasum</i> L. <i>Anthriscus cerefolium</i> (L.) Hoffm. <i>Apium graveolens</i> L. <i>Asparagus officinalis</i> L. <i>Cichorium endivia</i> L. <i>Petroselinum crispum</i> (Mill.) Nyman ex A. W. Hill. <i>Phaseolus coccineus</i> L. <i>Raphanus sativus</i> L. <i>Rheum rhabarbarum</i> L. <i>Scorzonera hispanica</i> L. <i>Valerianella locusta</i> (L.) Laterr. <i>Zea mays</i> L. (partim).	10»

Siete. Engádesse un anexo VI coa seguinte redacción:

«ANEXO VI

Peso neto máximo por envase para as variedades hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas

Nome botánico	Peso neto máximo por envase expresado en gramos
<i>Phaseolus coccineus</i> L. <i>Phaseolus vulgaris</i> L. <i>Pisum sativum</i> L. (partim). <i>Vicia faba</i> L. (partim). <i>Spinacea oleracea</i> L. <i>Zea mays</i> L. (partim).	250
<i>Allium cepa</i> L. (var. Cepa, var. Aggregatum). <i>Allium fistulosum</i> L. <i>Allium porrum</i> L. <i>Allium sativum</i> L. <i>Anthriscus cerefolium</i> (L.) Hoffm. <i>Beta vulgaris</i> L. <i>Brassica rapa</i> L. <i>Cucumis sativus</i> L. <i>Cucurbita maxima</i> Duchesne. <i>Cucurbita pepo</i> L. <i>Daucus carota</i> L. <i>Lactuca sativa</i> L. <i>Petroselinum crispum</i> (Mill.) Nyman ex A. W. Hill. <i>Raphanus sativus</i> L. <i>Scorzonera hispanica</i> L. <i>Valerianella locusta</i> (L.) Laterr.	25

Nome botánico	Peso neto máximo por envase expresado en gramos
<i>Allium schoenoprasum</i> L. <i>Apium graveolens</i> L. <i>Asparagus officinalis</i> L. <i>Brassica oleracea</i> L. (all). <i>Capsicum annuum</i> L. <i>Cichorium endivia</i> L. <i>Cichorium intybus</i> L. <i>Citrullus lanatus</i> (Trunb.) Matsum. et Nakai. <i>Cucumis melo</i> L. <i>Cynara cardunculus</i> L. <i>Lycopersicon esculentum</i> Mill. <i>Foeniculum vulgare</i> Mill. <i>Rheum rhabarbarum</i> L. <i>Solanum melongena</i> L.	5»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este regulamento incorpóranse ao dereito español a Directiva 2009/145/CE da Comisión, do 26 de novembro de 2009, pola que se establecen determinadas excepcións para a aceptación de razas e variedades autóctonas de plantas hortícolas que fosen tradicionalmente cultivadas en localidades e rexións concretas e se vexan ameazadas pola erosión xenética, e de variedades vexetais sen valor intrínseco para a produción de cultivos comerciais, pero desenvolvidas para o cultivo en condicións determinadas, así como para a comercialización de sementes das ditas razas e variedades autóctonas, así como a Directiva 2010/46/UE da Comisión, do 2 de xullo de 2010, que modifica as directivas 2003/90/CE e 2003/91/CE, polas cales se establecen disposicións de aplicación, para os fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE e o artigo 7 da Directiva 2002/55/CE, ambas as dúas do Consello, con respecto aos caracteres que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar determinadas variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.9.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto e, en particular, para modificar os seus anexos.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de febreiro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO

REGULAMENTO DO REXISTRO DE VARIEDADES COMERCIAIS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regular o réxime xurídico do Rexistro de Variedades Comerciais, en desenvolvemento do establecido polo título II da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de sementes e plantas de viveiro e de recursos fitoxenéticos.

Artigo 2. *Finalidade.*

A finalidade deste regulamento é:

1. Fomentar e pór á disposición dos agricultores sementes e plantas de viveiro, cada vez máis produtivas e mellor adaptadas ás distintas condicións de clima e solo, a través da realización de ensaios e estudos de caracterización, produción, resistencias a enfermidades e calidade do produto final.
2. Realizar a descrición de variedades comparándoas coas incluídas na colección de referencia, requisito necesario para o control e a produción de sementes e plantas de viveiro.
3. Realizar as avaliacións necesarias para previr e evitar os posibles riscos, para a saúde humana ou animal ou para o ambiente derivados do uso das novas variedades.
4. Fomentar a recuperación de variedades autóctonas e variedades naturalmente adaptadas a condicións locais e rexionais ameazadas pola erosión xenética como medio de contribuír á conservación dos recursos fitoxenéticos.
5. Para tal efecto no Rexistro de Variedades Comerciais inscribíranse aquelas variedades que reúnan as condicións legais establecidas neste regulamento xeral e nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos deste regulamento.

Artigo 3. *Definicións.*

De acordo co establecido na Lei 30/2006, do 26 de xullo, e para os efectos deste regulamento, enténdese como:

1. Variedade modificada xeneticamente: enténdese por variedade modificada xeneticamente ou transxénica aquela variedade que contén unha modificación xenética obtida mediante as técnicas descritas no artigo 3 do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei 9/2003, do 25 de abril, pola que se establece o réxime xurídico da utilización confinada, liberación voluntaria e comercialización de organismos modificados xeneticamente, aprobado polo Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro.
2. Variedade local ou raza autóctona: conxunto de poboacións ou clons dunha especie vexetal adaptadas de forma natural ás condicións ambientais da súa rexión.
3. Variedades de especies hortícolas desenvolvidas para ser cultivadas en condicións determinadas: as variedades de especies hortícolas sen valor intrínseco para a produción comercial, pero desenvolvidas para o seu cultivo en condicións agro-técnicas, climatolóxicas ou edafolóxicas determinadas.
4. Rexión de orixe: defínese por rexión ou rexións de orixe as zonas onde historicamente se cultivaron as variedades de conservación.
5. Ecotipo: conxunto de liñas dunha variedade ou poboación adaptadas de forma natural ás condicións ambientais da súa rexión de orixe.
6. Erosión xenética: perda da diversidade xenética entre poboacións ou variedades da mesma especie e dentro delas, ao longo do tempo, ou a redución da base xenética dunha especie debido á intervención humana ou ao cambio ambiental.

7. Conservación «in situ» de variedades de conservación: a conservación de material xenético no seu ámbito natural e, no caso de plantas cultivadas, no medio agrícola onde desenvolveron as súas propiedades distintivas.

8. Conservador dunha variedade: será conservador toda persoa que, cumprindo coas condicións legalmente establecidas na Lei 30/2006, do 26 de xullo, e neste regulamento, se encarga de manter a variedade conforme a descrición oficial, de acordo co establecido no artigo 19, 1.c da Lei 30/2006, do 26 de xullo, durante toda a súa vida útil e, nos casos de variedades híbridas ou sintéticas, de manter os parentais e a fórmula de hibridación.

9. Colección de referencia: enténdese por colección de referencia o conxunto de variedades que:

- a) Se encontren incluídas nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea.
- b) Se encontren inscritas ou en trámite de inscrición na correspondente Lista de variedades comerciais española ou nas listas nacionais dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Sexan obxecto de solicitude ou teñan concedido un título de obtención vexetal nacional ou comunitario, ou dos respectivos rexistros de variedades protexidas dos Estados membros da Unión Europea.
- d) Sexan notoriamente coñecidas ou estiveron inscritas nunha lista de variedades comerciais.

10. Comercialización:

a) Enténdese por comercialización a venda, a tenza con vistas á venda, a oferta de venda e toda cesión, entrega ou transmisión, con fins de explotación comercial, de sementes e plantas de viveiro a terceiros a título oneroso ou non.

b) Non se considerará comercialización a entrega de sementes e plantas de viveiro sen fins de explotación comercial da variedade e, entre outras, as operacións seguintes:

1.º A entrega de sementes e plantas de viveiro a organismos oficiais de experimentación e inspección.

2.º A entrega de sementes e plantas de viveiro a provedores de servizos para procesamento ou envase, sempre que o provedor de servizos non adquiera dereitos sobre as sementes e plantas de viveiro que lle fosen entregadas.

3.º Así mesmo, non se considerará comercialización a entrega de sementes e plantas de viveiro en determinadas condicións a provedores de servizos para a produción dunha determinada materia prima agrícola, destinada a fins industriais, nin a reprodución de sementes e plantas de viveiro para este fin, sempre que o provedor de servizos non adquiera dereitos nin sobre as sementes e plantas de viveiro que lle son entregadas nin sobre o produto da colleita. Neste último caso, o provedor de sementes e plantas de viveiro facilitará á autoridade de certificación unha copia das correspondentes partes do contrato celebrado co provedor de servizos, e isto incluirá os requisitos e condicións xeralmente cumpridos polas sementes e plantas de viveiro que proporcionou.

TÍTULO I

Dereito material

CAPÍTULO I

Requisitos da variedade comercial

Artigo 4. *Valor agronómico ou de utilización.*

1. O valor agronómico ou de utilización suficiente dunha variedade establecerase de acordo co sinalado no artigo 10 da Lei 30/2006, do 27 de xullo.

Para a admisión de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, cando así se establezan nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades de distintas especies, que figuran como anexos deste regulamento, as variedades deberán ter un valor de cultivo ou de utilización suficiente, que será determinado polas comisións nacionais de avaliación de variedades reguladas no título II deste regulamento.

2. Este valor agronómico ou de utilización non será necesario para a admisión de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais cando:

- a) Se trate de variedades destinadas exclusivamente á exportación.
- b) Se trate de variedades (liñas puras ou híbridas) que estean destinadas exclusivamente a servir como compoñentes ou parentais de variedades finais.
- c) No caso de especies forraxeiras, cando a variedade non estea destinada á produción de forraje.
- d) Se trate de variedades de conservación.

CAPÍTULO II

Límites e condicións para a aceptación e comercialización de variedades

Artigo 5. *Mantemento de variedades.*

1. As variedades de especies agrícolas, hortícolas e de vide incluídas nas listas de variedades comerciais deberán ser mantidas mediante un proceso de conservación que se controlará de acordo co material entregado para os ensaios de identificación polo solicitante no primeiro ano de ensaios oficiais.

2. A conservación levarase a cabo segundo o declarado polo solicitante da variedade na solicitude de inscrición.

3. As variedades de conservación de especies agrícolas e hortícolas só poderán ser mantidas na súa rexión de orixe.

Artigo 6. *Límites á comercialización de variedades inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais.*

Os límites excepcionais á comercialización de variedades inscritas no Rexistro de Variedades Comerciais son os establecidos no artigo 6 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, e, en particular, cando por razóns agronómicas:

a) Se prevexan restricións de uso, zonas ou relativas ás condicións de cultivo nas ordes ministeriais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, polas cales se inclúen variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, de acordo co establecido no artigo 16.1.a) deste regulamento xeral.

b) Se trate de variedades destinadas exclusivamente para a exportación a países terceiros, de acordo co establecido no artigo 16.1.a) deste regulamento xeral.

Artigo 7. *Límites á comercialización de variedades incluídas nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea.*

Os límites á comercialización de variedades incluídas nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea, son os establecidos no artigo 7 da Lei 30/2006, do 26 de xullo. A prohibición da comercialización dunha variedade incluída nos citados catálogos comúns, en todo ou en parte do territorio nacional, efectuarase seguindo o establecido no artigo 23 da Directiva 2002/53/CE e no artigo 46 da Directiva 2002/55/CE, ambas as dúas do Consello, do 13 de xuño de 2002, cando:

a) Se demostre que o cultivo dunha variedade poida resultar prexudicial, desde o punto de vista fitosanitario, para o cultivo doutras variedades ou especies.

b) Se demostre, mediante exames oficiais realizados baixo a responsabilidade da Oficina Española de Variedades Vexetais, que unha variedade non consegue os resultados obtidos con outra variedade comparable incluída na lista de variedades comerciais, en ningunha parte do territorio nacional.

c) Sexa notorio que, debido á súa natureza ou ciclo, non é apta para o cultivo na totalidade do territorio nacional.

d) Presente riscos para a saúde humana ou animal, ou para o ambiente.

e) Finalice o permiso de comercialización para unha modificación xenética.

f) En caso de perigo inminente de propagación de organismos nocivos para o ambiente ou a saúde humana ou animal, a prohibición establecerase desde a presentación da solicitude da prohibición ante a Comisión Europea, ata o momento da decisión definitiva.

CAPÍTULO III

Variedades modificadas xeneticamente

Artigo 8. *Condicións para a aceptación.*

Ademais das condicións establecidas pola Lei 30/2006, do 26 de xullo, nos seus artigos 5 e 9, as variedades modificadas xeneticamente, deberán satisfacer as seguintes condicións:

a) Cando un material derivado dunha variedade modificada xeneticamente vaia ser utilizado nun alimento, de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 do Regulamento (CE) n.º 1829/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre alimentos e pensos modificados xeneticamente, ou nun penso que entre no ámbito de aplicación do artigo 15 do dito regulamento, só se aceptará esta variedade se foi autorizada de conformidade co regulamento citado.

b) Cando unha variedade ou o produto derivado dos materiais de multiplicación dunha variedade de vide se vaia utilizar como alimento, penso ou ingrediente destes, de acordo co establecido no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1829/2003 do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de setembro de 2003, esta variedade só se aceptará se foi autorizada de conformidade co establecido neste regulamento.

Artigo 9. *Condicións especiais.*

Cando se trate de variedades modificadas xeneticamente, serán de aplicación as disposicións deste regulamento xeral e as dos seus regulamentos técnicos de inscrición de variedades, así como as contidas na Lei 9/2003, do 25 de abril, e no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro, e cantas disposicións nacionais ou comunitarias sexan de aplicación.

Artigo 10. *Plan de seguimento.*

1. Conforme o disposto no artigo 9.3 da Lei 30/2006, as variedades modificadas xeneticamente, incluídas no Rexistro de Variedades Comerciais, deberán cumprir un plan de seguimento de acordo co que se estableza nas ordes ministeriais do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, polas cales se inscriben estas variedades.

2. O plan de seguimento deberá recoller, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Data de inicio e duración mínima.

b) Establecemento de medidas adecuadas para o caso de que se puider derivar algún prexuízo para a saúde humana ou animal ou para o ambiente.

c) Prever accións alternativas para o caso de que as medidas tomadas non produzan os efectos previstos.

3. O plan de seguimento será aprobado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta da Oficina Española de Variedades Vexetais, oída a Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente e o Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente.

4. O solicitante deberá proporcionar ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño a información que lle sexa requirida e, en especial, todo o referente á distribución e venda de sementes ou plantas de viveiro destas variedades.

5. Na etiqueta oficial, ademais da información requirida por outras normas legais específicas, deberá figurar a inscrición seguinte: «Variedade modificada xeneticamente».

6. Nos catálogos de vendas e nos envases indicárase claramente que a variedade é un organismo modificado xeneticamente, facendo referencia ao tipo de modificación introducida.

CAPÍTULO IV

Variedades de conservación

Artigo 11. *Requisitos previos.*

1. A Oficina Española de Variedades Vexetais admitirá solicitudes de inscrición de variedades de conservación, incluíndo as variedades locais ameazadas pola erosión xenética, que cumpran as especificacións deste artigo, así como as que se refiren ao artigo 25 deste regulamento.

2. Para a admisión de variedades de especies non incluídas no ámbito comunitario, deberase ter en conta todo o que se dispón neste regulamento.

3. Non poderá ser aceptada unha solicitude de inscrición como variedade de conservación, se:

a) Foi solicitada a súa inscrición ou rexistrada no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas.

b) Foi solicitada a súa inscrición en calquera rexistro dalgún Estado membro da Unión Europea.

c) Se encontra protexida ou foi solicitada a protección na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) ou en calquera Estado membro da Unión Europea.

d) Se encontra incluída ou estivo incluída como variedade no Catálogo común de variedades e non transcorreu un período de polo menos dous anos desde a súa exclusión.

CAPÍTULO V

Listas de variedades comerciais

Artigo 12. *Listas de variedades comerciais.*

1. Na lista de variedades comerciais dunha determinada especie incluíranse, por orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, todas as variedades desta que se poidan producir e comercializar en España, de acordo co previsto no artigo 5 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

2. Nas citadas ordes ministeriais indicárase se as variedades se inclúen como inscrición definitiva ou provisional, se se trata de variedades de conservación con indicación da súa zona de orixe e se as variedades que se inclúen son con destino exclusivo á exportación.

3. De acordo co sinalado na Lei 30/2006, do 26 de xullo, e neste regulamento, as ordes ministeriais citadas no número anterior poderán establecer restricións no uso das variedades incluídas nelas.

4. Nas citadas listas de variedades comerciais incluíranse, polo menos, os seguintes datos:

- a) Denominación da variedade.
- b) Características da variedade, se é o caso (ciclo, híbrido, ploidía, etc.).
- c) O obtentor, se é coñecido; noutro caso figurará «obtentor descoñecido».
- d) Se se trata dunha variedade modificada xeneticamente.
- e) O responsable ou responsables da conservación.
- f) O ano de inscrición e, se é o caso, o de renovación.

5. Para as variedades hortícolas indicárase, ademais:

- a) Variedade cuxa semente se poderá certificar como «semente de base» ou «semente certificada», ou controlar como «semente estándar» (lista A).
- b) Variedade cuxa semente só poderá ser controlada como «semente estándar» (lista B).

Artigo 13. *Comunicacións á Unión Europea.*

Comunicaranse á Comisión Europea e aos Estados membros da Unión Europea as solicitudes e inscricións efectuadas no Rexistro de Variedades Comerciais, así como todas as súas modificacións, e xuntarase unha breve descrición das características máis importantes relativas á utilización da variedade. No caso de variedades (liñas puras ou híbridos) destinadas unicamente a utilizarse como compoñentes de variedades definitivas, non será preciso facilitar a citada descrición.

TÍTULO II

Órganos colexiados

Artigo 14. *Comisións nacionais de avaliación de variedades.*

1. Para cada especie ou grupo de especies constituirase unha Comisión Nacional de Avaliación de Variedades, adscrita á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. Estas comisións son órganos colexiados de carácter consultivo e técnico cuxo informe é preceptivo para a concesión ou denegación da inscrición dunha variedade no Rexistro de Variedades Comerciais.

3. A elección dos membros das comisións estará baseada no principio da especialización.

4. Sen prexuízo das particularidades previstas neste real decreto, o réxime xurídico aplicable ás actuacións das comisións nacionais de avaliación de variedades axustarase ao disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 15. *Composición das comisións nacionais de avaliación de variedades.*

1. As comisións nacionais de avaliación de variedades estarán integradas por:

- a) Presidente: o director da Oficina Española de Variedades Vexetais.
- b) Vicepresidente: o xefe de área da Oficina Española de Variedades Vexetais.
- c) Secretario: o xefe do Servizo do Rexistro de Variedades da Oficina Española de Variedades Vexetais, que tamén actuará como vogal.
- d) Vogais: tres funcionarios adscritos á Oficina Española de Variedades Vexetais.
- e) Expertos nomeados, por tres anos naturais, polo director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, por proposta do director da Oficina Española de Variedades Vexetais:

Dous expertos en avaliación e caracterización varietal.

- Dous expertos en obtención de variedades.
- Dous expertos en produción de sementes de cultivos extensivos.
- Dous expertos en produción de sementes de cultivos intensivos.
- Dous expertos en plantas de viveiro, froiteiras e cultivos leñosos.
- Dous expertos de industrias que utilicen produtos obtidos de sementes.
- Dous expertos de industrias que utilicen produtos obtidos de plantas de viveiro.
- Dous expertos en conservación de recursos fitoxenéticos.
- Un experto en fitopatoloxía.

Catro representantes das comunidades autónomas, designados pola Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

Un representante de cada unha das organizacións profesionais agrarias máis representativas, acreditadas ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, designados polas ditas organizacións.

Os expertos designados serán inamovibles durante o período do seu nomeamento, excepto cando sexa por petición propia ou cesamento na especialidade pola cal foi designado.

2. Así mesmo, asistirán ás reunións das comisións os invitados que propoña o presidente, que terán voz pero non voto.

3. A cada reunión serán convocados os expertos que teñan relación coas especies a que pertencen os expedientes obxecto de estudo.

Artigo 16. *Funcións das comisións.*

1. As funcións das comisións nacionais de avaliación de variedades serán as seguintes:

a) Emitir informe preceptivamente á Oficina Española de Variedades Vexetais, para a súa elevación ao ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sobre as resolucións de concesión e denegación dos procedementos relativos á inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais, a concesión ou denegación de variedades de conservación nas súas correspondentes listas, así como as inscricións provisionais, as que conteñan restricións de uso ou relativas ás condicións de cultivo, e as destinadas exclusivamente á exportación.

b) Propor á Oficina Española de Variedades Vexetais, en calidade de órgano instructor do procedemento, a admisión ou rexeitamento de probas propostas polos interesados no procedemento, mediante escrito motivado, de acordo co previsto nos artigos 80 e 81 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

c) Acordar a continuación do exame técnico cando dos datos dispoñibles non sexa posible tomar unha decisión sobre a admisión ou denegación da inscrición das variedades nas correspondentes listas.

d) Aprobar, se for o caso, os caracteres que se vaian estudar, os niveis de expresión, os baremos e cantas decisións se deban adoptar para garantir o principio de igualdade e a homoxeneidade nas decisións, tendo en conta as directrices de exame da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (CPVO), ou as recomendacións dos comités técnicos da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), así como o estado da técnica e os informes da Oficina Española de Variedades Vexetais.

e) Propor á Oficina Española de Variedades Vexetais, en calidade de órgano instructor do procedemento, os límites á comercialización dunha variedade incluída nos catálogos comúns de variedades da Unión Europea, en todo ou en parte do territorio nacional, de acordo co sinalado no artigo 7 deste regulamento.

2. As propostas a que se refire o número anterior estarán baseadas nos seguintes informes e documentos:

- a) Nos datos achegados pola Oficina Española de Variedades Vexetais.

b) Nos datos achegados polos centros públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros aos cales o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño encargase a realización dos ensaios de identificación ou de valor agronómico.

c) Nas visitas e inspeccións que os membros das comisións nacionais de avaliación de variedades efectuasen aos distintos campos de ensaio durante os anos en que a variedade ou variedades foron estudadas.

3. As comisións nacionais de avaliación de variedades asumirán, ademais das funcións que lles encomenda o número 1, aquelas outras que deriven de normas nacionais ou comunitarias relativas ás variedades comerciais.

Artigo 17. *Acceso dos membros das comisións ao segredo de obtención.*

1. Só os membros das comisións que por razón das súas funcións oficiais deban coñecer os datos, documentos e actos declarados secretos polo instrutor do procedemento terán acceso a eles e terán a obriga de manter a súa confidencialidade.

2. Non obstante, o instrutor do procedemento proporcionará ás comisións a información precisa que se coide conveniente para a resolución dos procedementos, salvaguardando en todo caso o segredo da obtención.

Artigo 18. *Convocatoria e orde do día das reunións.*

1. O presidente convocará por escrito, polo menos con 15 días de antelación á celebración dunha reunión, as comisións, polo menos unha vez ao ano, sen prexuízo da súa facultade para convocala cando o coide conveniente ou cando llo solicite motivadamente un terzo dos seus membros.

2. Os participantes nas reunións das comisións deberán gardar a debida confidencialidade das súas deliberacións.

Artigo 19. *Validez da constitución das comisións e eficacia dos seus acordos.*

1. As comisións nacionais de avaliación de variedades entenderanse validamente constituídas, en primeira convocatoria, cando asistan a metade máis un dos seus membros convocados, entre os cales se deberán encontrar o presidente ou o vicepresidente e o secretario.

2. Se a comisión non se puido constituír na primeira convocatoria, as citadas comisións quedarán validamente constituídas en segunda convocatoria calquera que sexa o número de membros presentes, sempre que entre eles se encontre o presidente ou o vicepresidente e o secretario, co obxecto do estrito cumprimento dos prazos dos procedementos de concesión das inscricións.

Artigo 20. *Adopción de acordos e aprobación de actas.*

1. Os acordos tomaranse por maioría simple e, en caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente ou do vicepresidente, se for o caso.

2. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión ordinaria, aínda que as propostas de resolución deberán figurar nun documento aprobado na mesma sesión por cada comisión e que, posteriormente, se unirá á acta definitiva, na cal constarán, se os houber, os votos particulares.

Artigo 21. *Incompatibilidades, abstención e recusación.*

1. Cando o presidente das comisións nacionais de estimación de variedades estimar, por iniciativa propia ou por solicitude razoada de terceiro, que existe incompatibilidade nalgún dos seus membros, ordenará a substitución deste polo suplente, e se a incompatibilidade afectar ambos, solicitará novos nomeamentos ás persoas ou autoridades responsables destes.

2. A abstención e recusación rexeráse polas normas establecidas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

TÍTULO III

Procedemento de inscrición de variedades

CAPÍTULO I

Solicitudes

Artigo 22. *Iniciación do procedemento.*

1. Os procedementos de inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais iniciaranse de acordo co previsto no número 1, do artigo 12 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, de oficio ou por instancia do solicitante, o seu habente causa ou persoa autorizada por eles.

Iniciaránse de oficio, por acordo da Oficina Española de Variedades Vexetais, como órgano instrutor do procedemento, por pedimento razoado doutros órganos ou por denuncia, cando o interese público o aconselle ou se trate de variedades de conservación, se produza desabastecemento do mercado nacional ou outras circunstancias extraordinarias e sempre que non exista iniciativa privada ou esta sexa insuficiente.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais poderá abrir un período de información previa á aceptación da solicitude co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

3. A iniciación de oficio dun procedemento de inscrición dunha variedade non implicará por si mesma a exención do pagamento das taxas correspondentes ao exame técnico, excepto cando se trate de variedades de conservación.

Artigo 23. *Solicitude de persoa interesada.*

1. Calquera persoa interesada na inscrición dunha variedade, de acordo co previsto no artigo 13 e no número un do artigo 12 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, poderá presentar unha solicitude, de acordo co establecido no artigo 27 deste regulamento, dirixida ao ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e que deberá comprender, como mínimo, as seguintes especificacións:

- a) Nome e enderezo do solicitante ou habente causa.
- b) Nome e enderezo do obtentor. Se o obtentor é descoñecido, deberá constar esta circunstancia.
- c) Especie e subespecie botánica e nome común da especie a que pertence a variedade.
- d) Referencia do obtentor.
- e) Denominación da variedade solicitada.
- f) Descrición do proceso que se utilizará na conservación da variedade.
- g) Variedades notoriamente coñecidas con características análogas á variedade que se solicita.
- h) Ensaos a que foi sometida e resultados obtidos.
- i) Indicación, se é o caso, de estar inscrita nalgunha lista de variedades doutro país, con indicación da súa data e denominación, así como de estar inscrita no catálogo común correspondente da Unión Europea.
- j) Indicación, se for o caso, de estar solicitada ou en posesión dun título de obtención vexetal nacional, comunitario ou dalgún país membro da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), con indicación da súa data e denominación.

2. Cando os solicitantes sexan estranxeiros non residentes na Unión Europea, deberán actuar por medio de representante, que achegará os datos precisos para os efectos de notificación e liquidación de taxas.

3. O modelo de solicitude de inscrición é o que figura na páxina web do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, <http://www.marm.es/>

Artigo 24. Documentos que se deben presentar coa solicitude.

1. Ademais dos exixidos no artigo 12 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, a solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Descrición técnica da variedade, de acordo co que dispoña o correspondente regulamento técnico de inscrición de variedades.

b) Se é o caso, indicacións coas condicións ecolóxicas máis adecuadas para o seu cultivo.

c) Se o solicitante non é o propio obtentor, documento fidedigno da súa acreditación.

d) Información confidencial, se for o caso, a que fai referencia o artigo 17.4 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

2. Cando a variedade solicitada sexa obxecto dun título de obtención vexetal nacional ou comunitario, ou fose solicitada para este fin, deberán presentarse os documentos relativos á propiedade da obtención ou ao título de habente causa.

3. Non será precisa a presentación dos documentos relativos á autorización do obtentor ou do seu habente causa cando o obtentor sexa descoñecido, se trate de solicitudes de variedades de conservación, ou existan razóns de interese público que o xustifiquen e o obtentor ou o seu habente causa tiveren demostrado falta de interese na solicitude.

Artigo 25. Solicitude de inscrición de variedades de conservación.

1. Ademais do cumprimento do sinalado nos artigos 23.1, 23.3 e 24, a admisión dunha solicitude dunha variedade de conservación queda condicionada a que esta teña un interese para a conservación dos recursos fitoxenéticos e que fose tradicionalmente cultivada en localidades e rexións ameazadas pola erosión xenética.

2. Para determinar o interese da conservación da variedade, así como as localidades e rexións onde a variedade foi tradicionalmente cultivada, terase en conta a información do Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos e das comunidades autónomas.

3. Conxuntamente coa solicitude deberase achegar información da rexión ou rexións en que historicamente se cultivase e ás cales se encontra adaptada de forma natural, no sucesivo, «rexión de orixe».

4. Ademais do anterior xuntarase, se se dispón disto, descrición da variedade de conservación e a súa denominación, características e requisitos de calidade só no caso de especies agrícolas, así como resultados de probas non oficiais e os coñecementos adquiridos coa experiencia práctica do cultivo, a reprodución e a utilización, así como outros datos en particular os achegados polo Centro Nacional de Recursos Fitoxenéticos ou polas comunidades autónomas.

5. Non se levará a cabo o exame oficial para variedades de conservación e para variedades de especies hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas se se achega toda a documentación que se cita no número anterior e esta se considera suficiente.

6. A admisión dunha solicitude de variedades de especies hortícolas desenvolvida para o seu cultivo en condicións determinadas queda condicionada a que o solicitante demostre que esta non ten valor intrínseco para a produción comercial, pero desenvolvidas para o seu cultivo en condicións agro-técnicas, climatolóxicas ou edafolóxicas determinadas.

Artigo 26. *Solicitud de inscrición de variedades modificadas xeneticamente.*

Ademais do cumprimento do sinalado nos artigos 23 e 24 deste regulamento, a solicitude de inscrición de variedades modificadas xeneticamente deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Escrito en que conste que a variedade é un organismo modificado xeneticamente, segundo o establecido na Lei 9/2003, do 25 de abril.
- b) Autorización concedida polo órgano competente de liberación voluntaria ou a autorización de comercialización.
- c) Información relativa á modificación xenética, así como a relativa á planta modificada xeneticamente e de todas as precaucións que o solicitante propuxo adoptar na solicitude que efectuou ao órgano competente, de acordo co previsto na Lei 9/2003, do 25 de abril, e no Real decreto 178/2004, do 30 de xaneiro.

CAPÍTULO II

Tramitación das solicitudes

Artigo 27. *Exame de forma.*

1. De acordo co establecido polos artigos 13 e 15 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, para a realización do exame de forma, as solicitudes de inscrición dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea establecido o solicitante ou ben ante o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño cando o solicitante non estea domiciliado en España ou cando se trate dun establecemento comercial, industrial ou de investigación que non teña carácter territorial, e poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. O citado órgano competente para recibir a solicitude comprobará que contén os datos e documentos sinalados no artigo 23.1.

3. Así mesmo, comprobará que a solicitude vén acompañada do formulario técnico oficial para a especie de que se trate, sempre que non sexa a primeira solicitude dunha especie, e da denominación ou referencia do obtentor.

4. Se como consecuencia destas comprobacións se aprecia algunha deficiencia, requirirase o solicitante para que nos prazos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, emende a falta ou presente os documentos preceptivos para cada caso, e apercibirase de que, de non facelo, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto polo órgano competente, o cal fará constar:

- a) O prazo máximo para a resolución e notificación do procedemento e a suspensión do procedemento durante a realización do exame técnico.
- b) A data de iniciación do procedemento.
- c) O sentido desestimatorio do silencio administrativo.
- d) O número de expediente, que terá carácter provisional.

Artigo 28. *Exame de fondo.*

1. Ademais do establecido no artigo 17.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño comprobará:

a) Cando se trate de variedades solicitadas e para as cales se outorgou un título de obtención vexetal, nacional ou comunitario, se os datos relativos á titularidade da obtención están en concordancia con aquela.

b) Se as solicitudes de variedades modificadas xeneticamente cumpren coas condicións relativas a permisos preceptivos e precaucións exixidas neste regulamento xeral e demais normas de aplicación.

c) Se as solicitudes de variedades de conservación cumpren os requisitos de cultivo tradicional e ameaza de erosión xenética e se considera que non precisa a realización do

ensaio de identificación oficial ao seren suficientes os datos achegados polo solicitante, de acordo co establecido no número 4 do artigo 25.

d) Se se remite o exemplar para a Administración do xustificante de pagamento da taxa de tramitación e resolución; non se admitirá a solicitude de inscrición mentres non se fixese efectivo.

2. Os interesados disporán dun prazo de 30 días para a presentación dos documentos preceptivos ou medios de proba non achegados ao expediente e que sexan necesarios para as comprobacións a que se refire o número anterior.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte ao da recepción da solicitude remitirá ao solicitante unha copia selada da súa solicitude, na cal constará:

- a) O número do expediente ou número de rexistro.
- b) A data de recepción da solicitude.
- c) A data e condicións de entrega do material vexetal e en caso de non entregalo sen xustificación ningunha, advertencia da caducidade do expediente.

4. Ademais das comprobacións descritas nos números anteriores, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño procederá á realización do exame técnico de conformidade co disposto nos artigos seguintes e nos anexos.

Artigo 29. *Novas especies.*

Cando se presente a primeira solicitude dunha variedade dunha nova especie, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño disporá dun prazo non superior a seis meses para establecer o cuestionario técnico, as condicións e localización dos ensaios, o material necesario, os caracteres que se van tomar e cantas actuacións sexan necesarias para poder determinar se a variedade cumpre as condicións relativas á distinción, homoxeneidade e estabilidade a que se refire o artigo 9 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

Artigo 30. *Publicidade das solicitudes.*

1. De acordo co previsto no artigo 14 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará periodicamente un boletín oficial de variedades comerciais, cos datos relativos ás solicitudes que pasasen con éxito o exame formal e cuxos expedientes fosen remitidos a este departamento.

2. A periodicidade da publicación poderá variar en función do volume da información publicada e doutras circunstancias relacionadas coas necesidades do servizo.

3. No capítulo primeiro deste boletín publicaranse as solicitudes presentadas, con expresión do número de rexistro do expediente, data de solicitude, especie, denominación da variedade ou referencia do obtentor, solicitante, obtentor e representante.

4. No capítulo segundo publicaranse as denominacións propostas, os cambios de denominación e as denominacións aprobadas, con expresión do número de rexistro do expediente, data de solicitude, denominación anterior, obtentor e solicitante.

5. No capítulo terceiro publicaranse as solicitudes das cales desistise ou renunciase o solicitante e as canceladas por falta de actividade do solicitante na tramitación do procedemento, con expresión do número de rexistro do expediente, a data, a especie e a denominación da variedade.

6. No capítulo cuarto publicaranse as variedades admitidas, con expresión do número de rexistro do expediente, a data de inscrición, a especie, a denominación da variedade, e o obtentor ou solicitante.

7. Seguindo a estrutura establecida nos números anteriores, poderanse engadir outros capítulos ao citado boletín para publicar outros cambios e canta información se considere de interese.

CAPÍTULO III

Exame técnico

Artigo 31. *Exame técnico.*

1. O exame técnico levarase a cabo de acordo co sinalado polo artigo 19 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

Sen prexuízo do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, en relación coa data de iniciación do procedemento e prelación de solicitudes, as variedades cuxo exame técnico non se poida efectuar por causas imputables ao solicitante entenderanse presentadas, para os efectos do estudo da distinción con outras variedades, na campaña en que efectivamente resulten ensaiadas.

2. Como consecuencia dos resultados obtidos nos diferentes ensaios de valor agronómico ou de utilización, as comisións nacionais de avaliación de variedades da especie ou grupo de especies de que se trate poderán propor, se for o caso, restricións no uso de variedades.

3. As comisións nacionais de avaliación de variedades procederán ao estudo do exame técnico dunha variedade só cando os seus solicitantes efectuasen o pagamento das taxas correspondentes aos ensaios.

Artigo 32. *Material necesario para a realización do exame técnico.*

1. As características e calidade do material vexetal, así como as cantidades necesarias para a realización do exame técnico, as datas e o lugar de presentación, serán as establecidas nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos deste regulamento, segundo a especie de que se trate.

2. O material vexetal, polo menos, deberá cumprir as seguintes especificacións:

a) Terá, no que se refire a xerminación, pureza específica, viabilidade e sanidade, requisitos equivalentes ao material certificado e, se for o caso, deberá cumprir as condicións establecidas no Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Unión Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

b) O material destinado aos ensaios de identificación non deberá ter sufrido ningún tratamento e enviarase só o primeiro ano, salvo que nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades se dispoña outra cousa.

c) As cantidades destinadas aos ensaios de valor agronómico enviaranse todos os anos mentres se realicen os ensaios.

3. De conformidade co establecido no artigo 92 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, a non entrega do material vexetal nas cantidades, prazos e condicións sinalados, sen xustificación ningunha polo solicitante, motivará a iniciación do prazo de caducidade do procedemento, que se comunicará ao interesado. Transcorrido o prazo sen que se enviase o material, procederase ao arquivo das solicitudes, segundo se sinala no artigo 48 deste regulamento.

4. O número anterior non será de aplicación cando o solicitante xustifique a non entrega do material vexetal e o instrutor a considere suficiente, continuando así a tramitación do procedemento. No caso de imposibilidade material de efectuar o ensaio nesa campaña, incluírase na seguinte.

5. Será obrigatoria a entrega do material correspondente aos compoñentes hereditarios cando se trate de variedades híbridas ou sintéticas, sempre que este material non se ensaiase con anterioridade no Rexistro Oficial de Variedades Protexidas ou no Rexistro de Variedades Comerciais. O solicitante indicará para cada compoñente se se trata de obtención propia, protexida por un título de obtención vexetal ou pertence ao dominio público.

Artigo 33. *Ensaio de identificación.*

1. A realización dos ensaios de identificación corresponderá á Oficina Española de Variedades Vexetais, que os levará a cabo directamente ou mediante acordos

coas comunidades autónomas por medio dos centros de exame a que fai referencia o artigo 37.1, ou por outros entes públicos ou privados que realicen tarefas similares.

2. No que respecta á distinción, estabilidade e homoxeneidade, a realización dos exames oficiais para a admisión de variedades cumprirá as condicións establecidas nos protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade, ditados polo Consello de Administración da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais, empregando todos os caracteres varietais que se establecen nos citados protocolos.

3. Cando a citada oficina non establecese un protocolo para a realización do ensaio de identificación dunha especie concreta, cumpriranse as directrices de exame en vigor da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV) empregando todos os caracteres varietais sinalados cun asterisco que se establecen nas citadas directrices.

4. As observacións dos caracteres a que fan referencia os puntos primeiro e segundo efectuaranse sempre que a expresión dalgún deles non impida a observación doutros, ou as condicións ambientais en que se realice o ensaio non impidan a expresión dalgún deles.

5. Os protocolos e directrices a que se fai referencia nos números anteriores quedarán recollidos nos regulamentos técnicos de inscrición.

6. Cando non existan as directrices ou os protocolos de exame a que fan referencia os números 2 e 3 deste artigo, os caracteres que se observarán para a realización do ensaio de identificación serán os que determine a Oficina Española de Variedades Vexetais.

7. No caso de ecotipos, os ensaios de identificación poderán ser efectuados pola comunidade autónoma correspondente, baseándose no protocolo facilitado pola Oficina Española de Variedades Vexetais, sen prexuízo das comprobacións que esta poida realizar.

Non obstante o anterior, poderanse ter en conta os estudos de caracterización varietal realizados por institucións públicas ou privadas con experiencia no ensaio de variedades.

8. No que se refire á distinción, estabilidade e homoxeneidade en variedades de conservación, así como de variedades de especies hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en condicións determinadas, aplicaranse, como mínimo, as características mencionadas nos protocolos de ensaios da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) ou nos cuestionarios técnicos das directrices de exame da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV) e a que se fai referencia nos anexos I, II, III, IV, V, VI e VII deste real decreto.

Non obstante, se o nivel da homoxeneidade se establece sobre a base de fóra de tipos da variedade en estudo, aplicarase un estándar de poboación do 10 por cento e unha probabilidade de aceptación, como mínimo, do 90 por cento.

9. Os ensaios de identificación de variedades sintéticas e híbridos comerciais realizaranse:

- a) Sobre sementeiras efectuadas con semente híbrida de primeira xeración comercial.
- b) Sobre sementeiras realizadas cos seus compoñentes xenealóxicos.

10. Os resultados e descrición dos compoñentes xenealóxicos das variedades a que se refire o número anterior serán considerados confidenciais se o obtentor o solicita.

11. Cando os resultados obtidos nos ensaios de identificación do primeiro ciclo vexetativo mostren graves deficiencias no material da variedade, a Comisión Nacional de Estimación informará preceptivamente a Oficina Española de Variedades Vexetais, conforme o establecido no artigo 16, 1.a) deste regulamento, da non continuación dos ensaios, o que motivará a resolución desestimatoria do procedemento.

Artigo 34. *Duración dos ensaios de identificación.*

1. Os ensaios de identificación terán a duración que establezan os protocolos a que se refire o artigo anterior e, no seu defecto, unha duración mínima de dous anos ou, se for o caso, de dous ciclos independentes de cultivo, ou de dúas frutificacións nas especies leñosas, salvo o disposto no número 6 do artigo anterior ou o establecido no número 3 deste artigo.

2. Excepcionalmente, nas especies leñosas, sempre que se acredite a orixe do material, as observacións poderanse realizar en árbores adultas existentes en plantacións establecidas no territorio nacional, sempre que a solicitude se encontre debidamente presentada.

3. Sempre que os protocolos de realización dos ensaios non dispoñan outra cousa non será necesario un segundo ano ou ciclo de cultivo cando os resultados do primeiro ano ou ciclo mostren diferenzas claras coas variedades da colección de referencia, e debido á escasa influencia do contorno, sexa previsible que estas diferenzas non se van ver alteradas, sempre que tal posibilidade estea admitida pola Comisión Nacional de Avaliación de Variedades da especie de que se trate.

4. Nos casos en que se determine, oída a Comisión Nacional de Avaliación de Variedades da especie de que se trate, e sempre que se sigan os protocolos de realización dos ensaios a que se refire o artigo anterior, poderanse utilizar os resultados doutros ensaios de identificación cando se realizen noutro país co cal España mantéña acordos nesta materia.

Artigo 35. *Ensaos de identificación de variedades modificadas xeneticamente.*

1. Os ensaios de identificación de variedades modificadas xeneticamente corresponden á Oficina Española de Variedades Vexetais, que os levará a cabo directamente ou mediante acordos coas comunidades autónomas por medio dos centros de exame a que fai referencia o artigo 37.1, ou outros entes públicos ou privados que realicen tarefas similares, sempre que a modificación xenética que incorpora dispoña dunha autorización concedida pola Comisión Europea que permita o seu cultivo e comercialización e, ademais, se poidan cumprir as condicións que na citada autorización se establezan.

2. Os ensaios de identificación dunha variedade que incorpore unha modificación xenética que dispoña de autorización concedida polo Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente realizaranse baixo control oficial, a custa do solicitante e cumprindo as condicións que na citada autorización se establezan, nun lugar próximo ao centro de exame onde se efectúen os ensaios oficiais, xa que a toma de datos relativos á distinción, homoxeneidade e estabilidade será realizada polo persoal técnico dependente da autoridade encargada do ensaio, seguindo o protocolo de ensaio que corresponda conforme o artigo 33.

3. Se a variedade obxecto de estudo deriva dunha variedade xa incluída nas listas de variedades comerciais, os citados ensaios terán unha duración de, polo menos, un ano.

Artigo 36. *Ensaos de variedades de conservación.*

1. Os ensaios de identificación de variedades de conservación corresponden á Oficina Española de Variedades Vexetais, que os levará a cabo directamente ou a través das comunidades autónomas por medio dos centros de exame a que fai referencia o artigo 37.1, ou outros entes públicos ou privados que realicen tarefas similares, baseándose no material facilitado.

2. No caso de ecotipos, os ensaios de identificación poderán ser efectuados pola comunidade autónoma correspondente, baseándose no protocolo facilitado pola Oficina Española de Variedades Vexetais, sen prexuízo das comprobacións que esta poida realizar.

3. No que se refire á distinción, estabilidade e homoxeneidade, aplicaranse como mínimo os protocolos a que fai referencia o artigo 33. Non obstante, se o nivel da homoxeneidade se establece sobre a base de fóra de tipos da variedade en estudo, aplicarase un estándar de poboación do 10 por cento e unha probabilidade de aceptación, como mínimo, do 90 por cento.

Artigo 37. *Informe técnico sobre o resultado dos ensaios de identificación.*

1. Os centros de exame designados pola Oficina Española de Variedades Vexetais como encargados da realización dos ensaios de identificación, así como da recepción do material das variedades da especie ou grupo de especies de que se trate, que se relacionan no anexo XIV, elaborarán para cada variedade ensaiada un informe en que se describa a variedade, de acordo cos protocolos e condicións descritas nos artigos anteriores, e outro

informe en que se expresen diferenzas con variedades próximas e un resumo de todos os feitos sobre os cales se fundamenta o sentido positivo ou negativo do seu informe.

2. Os informes a que refire o número anterior, serán remitidos ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, nun prazo non superior a un mes, contado desde a conclusión do exame técnico, salvo causas especiais debidamente xustificadas, nas cales o dito prazo se poderá ampliar a un máximo de seis meses.

Artigo 38. *Informe técnico de ensaios de identificación realizado noutros países.*

1. Cando non sexa posible efectuar os ensaios de identificación para variedades dalgunha especie por carecer dos medios técnicos ou materiais imprescindibles que permitan levalos a cabo, a Oficina Española de Variedades Vexetais poderá encargalos ás oficinas de exame doutros países.

2. Neste caso o protocolo de realización dos ensaios axustarase, sempre que sexa posible, ás directrices de exame da Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV) e, en todo caso, aos protocolos e fichas de exame da Unión Internacional para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV).

3. As condicións do material vexetal, as cantidades, as datas límite de entrega do material vexetal e outras cuestións necesarias, serán as fixadas pola oficina encargada de realizar o ensaio e serán transmitidas aos solicitantes pola Oficina Española de Variedades Vexetais.

Artigo 39. *Ensaos de valor agronómico ou de utilización.*

1. Os ensaios de valor agronómico ou de utilización corresponden á Oficina Española de Variedades Vexetais, os cales serán realizados directamente por esta ou mediante acordos coas comunidades autónomas ou con outras institucións públicas ou privadas, en diferentes localizacións da xeografía nacional, segundo o Plan Nacional de Ensaos de Valor Agronómico que establecerá esta oficina, oída a Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente.

2. Os ensaios de valor agronómico ou de utilización terán unha duración mínima de dous ciclos consecutivos e teñen como finalidade realizar un estudo completo da aptitude agronómica ou de utilización das variedades candidatas.

3. Cando unha variedade mostre graves deficiencias nos resultados obtidos nos ensaios de primeiro ano, a Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente poderá propor a non continuación destes, o que poderá motivar a resolución desestimatoria do procedemento.

4. Os ensaios de valor agronómico ou de utilización realizaranse seguindo métodos científicos e experimentais admitidos con carácter xeral, de acordo co estado da técnica e as recomendacións efectuadas polos comités técnicos dos organismos internacionais de que España forma parte.

5. Os estudos máis importantes que se levarán a cabo nos distintos ensaios de valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente á produtividade, calidade do produto, comportamento ante as condicións climáticas, accidentes, pragas e enfermidades, ou outros caracteres que condicionen a regularidade dos rendementos. Para iso comparárase coas variedades testemuña que determine a correspondente Comisión Nacional de Avaliación de Variedades.

6. As comisións nacionais de avaliación de variedades establecerán baremos para avaliar a produtividade, calidade e regularidade dos rendementos.

Artigo 40. *Ensaos de valor agronómico ou de utilización de variedades modificadas xeneticamente con autorización de cultivo e comercialización na Unión Europea.*

1. Os ensaios de valor agronómico ou de utilización de variedades modificadas xeneticamente con autorización de cultivo e comercialización na Unión Europea corresponden á Oficina Española de Variedades Vexetais e serán realizados directamente por esta ou mediante acordos coas comunidades autónomas ou con outras institucións públicas ou privadas, en diferentes localizacións da xeografía nacional, segundo o Plan

Nacional de Ensaio de Valor Agronómico que establecerá esta oficina, oída a Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente,

2. Estes ensaios levaranse a cabo sempre e cando non exista algún condicionante imposto na autorización de comercialización que impida o libre desenvolvemento destes. Neste caso efectuarao o solicitante, baixo control oficial en todas as súas fases, seguindo o protocolo establecido pola Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente en canto a localización destes ensaios, deseño estatístico e testemuñas que se van utilizar, observacións que se deban tomar no campo e no laboratorio, así como calquera outra circunstancia que aquela considere conveniente.

3. A duración destes ensaios será, polo menos, de dous anos e, excepcionalmente dun ano, cando a variedade obxecto de estudo derive dunha variedade que xa se encontre incluída na correspondente lista de variedades comerciais, sempre que ao finalizar este primeiro ano non se observasen diferenzas coa variedade da cal deriva.

Artigo 41. *Ensaio de valor agronómico ou de utilización de variedades modificadas xeneticamente con autorización de liberación voluntaria concedida polo Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente.*

1. Os ensaios de valor agronómico ou de utilización de variedades modificadas xeneticamente con autorización de liberación voluntaria concedida polo Consello Interministerial de Organismos Modificados Xeneticamente serán realizados polo solicitante baixo control oficial en todas as súas fases, seguindo o protocolo establecido pola Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente en canto á localización destes ensaios, deseño estatístico e testemuñas que se van utilizar, observacións que se deban tomar no campo e no laboratorio, así como calquera outra circunstancia que aquela considere conveniente e cumprindo todas as condicións que lle fosen impostas na autorización de liberación voluntaria.

2. A duración destes ensaios será, polo menos, de dous anos e, excepcionalmente dun ano, cando a variedade obxecto de estudo derive dunha variedade que xa se encontre incluída na correspondente lista de variedades comerciais, sempre que ao finalizar este primeiro ano non se observasen diferenzas coa variedade da cal deriva.

CAPÍTULO IV

Oposicións á inscrición de variedades

Artigo 42. *Oposicións á inscrición de variedades.*

1. As oposicións á inscrición de variedades regularanse de acordo co sinalado polo artigo 18 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

2. As oposicións presentadas a variedades que se encontren, ao mesmo tempo, en fase de tramitación no Rexistro de Variedades Protexidas, regulado na Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais e no Rexistro de Variedades Comerciais teranse en conta para efectos da aplicación deste artigo, salvo que:

- a) A oposición estea baseada na falta de novidade.
- b) Se trate de cuestións relativas á propiedade e dominio, que se deberán formular ante os tribunais ordinarios.

Artigo 43. *Tramitación das oposicións.*

1. A tramitación e a resolución das oposicións realizaranse de acordo co establecido polo artigo 18 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, e o artigo 42 da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais poderalles requirir aos interesados que manifestaron a oposición a achega de información e documentación adicional, así como o material vexetal necesario para proceder ao seu exame técnico.

3. As probas que se deban efectuar a pedimento dos interesados efectuaranse á súa custa e o seu pagamento poderase exixir por anticipado.

Artigo 44. Acceso á información.

1. Os que teñan a consideración de interesados, segundo o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, nun procedemento de oposición, terán acceso aos documentos que constitúen o expediente obxecto de tramitación, así como á visita aos ensaios correspondentes ao exame técnico.

2. Sen prexuízo dos principios de contradición e igualdade dos interesados no procedemento, garantírase o segredo da obtención vexetal, sempre que a natureza dos intereses contrapostos o permita e con isto non se cause indefensión aos interesados.

3. Nos casos de variedades en que, para a produción de material, se requira o emprego repetido do material doutras variedades, o obtentor, poderá pedir, ao presentar a solicitude, que os documentos e os ensaios relativos a estas se manteñan co debido segredo, e non poderán ser aqueles consultados nin estes visitados, sempre que a resolución sobre a variedade principal non dependa directamente dos resultados destas outras variedades e con isto non se cause indefensión aos interesados.

4. A Oficina Española de Variedades Vexetais deberá conservar a documentación contida nos expedientes durante cinco anos contados a partir da cancelación da inscrición.

CAPÍTULO V

Finalización do procedemento e renovación da inscrición**Artigo 45. Inscrición provisional no Rexistro de Variedades Comerciais.**

1. O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta da Oficina Española de Variedades Vexetais, logo do informe preceptivo da Comisión Nacional de Avaliación de Variedades correspondente, poderá conceder a inscrición provisional dunha variedade que, despois de polo menos un ano de ensaio, cumpra cos requisitos de distinción e homoxeneidade de acordo co sinalado no artigo 20, números 2 e 3 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, e que, así mesmo:

a) Concluísen, se for o caso, con resultado positivo os ensaios de valor agronómico ou de utilización correspondentes a unha campaña.

b) Concluísen, con resultado positivo, os ensaios de identificación correspondentes ao primeiro ano ou ciclo vexetativo no caso de variedades froiteiras, ou se teña información que identifique suficientemente a variedade.

2. As inscricións provisionais só se poderán conceder logo de petición expresa do solicitante, se a denominación foi aprobada de acordo con este regulamento, se resolveron, se foi o caso, as oposicións presentadas e finalizaron os ensaios de valor agronómico e de identificación, de primeiro ciclo, con resultados positivos.

3. A inscrición provisional terá un período máximo de vixencia de catro anos, excepto para as variedades das especies leñosas, que será de seis anos.

4. Sen prexuízo do establecido no número anterior, autorízase a comercialización da variedade inscrita provisionalmente ata a finalización do procedemento, cuxa resolución motivará a inscrición definitiva ou a cancelación da inscrición provisional.

5. Tamén se concederá a inscrición provisional para unha nova especie cando se establecesen as normas técnicas a que fai referencia o artigo 29 do Regulamento xeral do Rexistro de Variedades Comerciais e sempre que a información de que se dispoña identifique suficientemente a variedade.

6. Concederáse a inscrición provisional ás variedades protexidas na Oficina Comunitaria de Variedades Vexetais (OCVV), sempre que a especie se encontre incluída no ámbito de aplicación deste regulamento, se presentase unha solicitude de inscrición e se entregase o material para levar a cabo os ensaios no Rexistro de Variedades Comerciais, xuntando unha fotocopia do título e descrición desta da OCVV.

7. A concesión da inscrición provisional producirá automaticamente a inclusión da variedade na lista de variedades comerciais correspondente coa indicación «Inscrición provisional».

8. Non poderán ser obxecto de concesión de inscrición provisional aquelas variedades que dispoñan dunha autorización de comercialización de acordo co establecido na Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro, relativa a disposicións de aplicación polas cales os Estados membros poden autorizar a comercialización de sementes pertencentes a variedades para as cales se presentase unha solicitude de inscrición no Catálogo nacional de variedades de especies de plantas agrícolas e hortícolas.

9. A concesión dunha autorización de comercialización de acordo co establecido na Decisión 2004/842/CE da Comisión, do 1 de decembro, en calquera Estado membro, suporá a anulación da inscrición provisional da variedade.

10. Deberanse salvagardar os dereitos de terceiros que se poidan ver afectados pola cancelación da inscrición provisional, desde o momento da súa concesión.

Artigo 46. *Inscrición definitiva no Rexistro de Variedades Comerciais.*

1. O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, segundo o disposto polo artigo 20 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros e logo do informe preceptivo da Comisión Nacional de Avaliación de Variedades, resolverá o procedemento sobre a inscrición dunha variedade e concederá a súa inscrición definitiva por un período de dez anos, cando se comprobe que se cumpren todas as condicións exixidas na dita lei, así como neste regulamento xeral e nos regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos a aquel.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición, ante o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a súa publicación, ou ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional no prazo de dous meses, tamén contado desde o día seguinte ao da súa publicación, sen que se poidan simultanear ambas as vías de impugnación.

2. As variedades así aprobadas quedarán incluídas na Lista de variedades comerciais mediante a correspondente orde ministerial.

3. A Oficina Española de Variedades Vexetais, logo de petición do interesado, expedirá certificación en que se fará constar que a variedade quedou incluída na lista de variedades comerciais correspondente, con indicación da especie, denominación e cantos datos se xulguen de interese.

Artigo 47. *Desestimación de variedades.*

O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, logo do informe preceptivo da correspondente Comisión Nacional de Avaliación de Variedades, desestimaré a inscrición definitiva ou provisional dunha variedade cando se comprobe que non cumpre todas as condicións exixidas neste regulamento xeral e nos seus regulamentos técnicos de inscrición de variedades que figuran como anexos a este regulamento.

Artigo 48. *Caducidade do procedemento.*

1. Cando se produza a paralización do procedemento por causa imputable ao solicitante advertiráselle que, transcorridos tres meses, se producirá a súa caducidade. Concluído este prazo sen que o particular requirido realice as actividades necesarias para recomenzar a tramitación do procedemento, declarararase a caducidade do procedemento e ordenarase o arquivo das actuacións, o que se levará a cabo dando cumprimento ao establecido polo artigo 92 de Lei 30/1992, do 26 de novembro.

2. Non obstante o disposto no número anterior, non se declarará a caducidade do procedemento cando o solicitante xustifique debidamente ante a Oficina Española de Variedades Vexetais que a súa inactividade foi consecuencia de causas de forza maior ou outras circunstancias excepcionais debidamente acreditadas.

Artigo 49. Desistencia e renuncia.

1. O solicitante poderá desistir da súa solicitude ou renunciar aos seus dereitos, o que motivará que a Administración declare concluído o procedemento.

2. Non obstante o anterior, a Oficina Española de Variedades Vexetais poderá limitar os efectos da desistencia ou a renuncia e continuar a tramitación do procedemento cando na inscrición da variedade concorran motivos de interese público, ou cando, por pedimento dalgún interesado comparecido no procedemento, se inste a súa resolución para a aclaración dos intereses contrapostos.

3. Cando se declare a desistencia ou a renuncia, o instrutor do procedemento comunicará ao solicitante que ten un prazo de tres meses para retirar o material vexetal sobrante, transcorrido o cal se procederá á súa destrución.

Artigo 50. Renovación da inscrición.

1. A renovación da inscrición de variedades efectuarase de acordo co sinalado polo artigo 22 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, mediante orde ministerial do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e terá unha duración de dez anos.

2. A solicitude de renovación será dirixida á Oficina Española de Variedades Vexetais, ben polo solicitante o seu representante ou por algún dos conservadores debidamente autorizado, cunha antelación mínima de dous anos antes da expiración da súa vixencia, e poderase presentar en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A validez da inscrición quedará prorrogada ata o momento en que se resolva sobre a petición de renovación presentada.

3. Non procederá a renovación da inscrición dunha variedade, logo de consulta ás comunidades autónomas e sectores afectados, cando deixase de comercializarse e non se encontre rexistrado ningún conservador que realice o proceso de conservación da variedade ou careza dalgún dos requisitos exixidos para a súa inscrición.

4. Nos casos en que non proceda a renovación da inscrición dunha variedade, e logo de petición do seu solicitante ou dalgún dos conservadores, concederase un prazo ata o 30 de xuño do terceiro ano despois do final da admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, para a finalización da certificación, o control da semente estándar e a comercialización das sementes.

5. Unha vez presentada a solicitude de renovación, instruírse o correspondente procedemento, no cal se dará audiencia aos interesados salvo no caso previsto no artigo 84.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, a solicitude de renovación entenderase desestimada.

A solicitude de renovación será resolta mediante orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición, ante o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en teña lugar a súa publicación, ou ser impugnada directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no prazo de dous meses, tamén contado desde o día seguinte ao da súa publicación, sen que se poidan simultanear ambas as vías de impugnación.

CAPÍTULO VI**Cancelación da inscrición e suspensión cautelar da produción e comercialización****Artigo 51. Cancelación.**

1. O procedemento de cancelación será iniciado pola Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, de oficio, logo de solicitude da Oficina Española de Variedades Vexetais, por pedimento dos servizos oficiais das comunidades autónomas ou por denuncia.

2. O solicitante ou os conservadores da variedade, así como os representantes das comunidades autónomas ou o denunciante, terán a consideración de interesados no procedemento.

3. Non procederá a cancelación da inscrición dunha variedade cando un terceiro solicite ser inscrito como conservador dela, non se dean as causas sinaladas no artigo 23.1 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, e se cumpra o establecido neste regulamento para o seu outorgamento.

4. Procederá, en todo caso, a cancelación nos seguintes supostos:

a) Cando expire o prazo de dez anos a que fai referencia o artigo 22 da Lei 30/2006, do 26 de xullo.

b) Cando, de acordo co establecido no artigo 23.1.b da Lei 30/2006, do 26 de xullo, o responsable da selección conservadora dunha variedade non consiga manter a variedade nas condicións en que foi inscrita ou non permita inspeccionar os ditos traballos.

c) Cando, de acordo co establecido no artigo 4.3 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, finalice o permiso de comercialización para unha modificación xenética, co que cesa de inmediato o comercio e a produción de todas as variedades que conteñan esta modificación xenética.

5. Dentro da instrución do correspondente procedemento, darase audiencia aos interesados salvo no caso previsto no artigo 84.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

O prazo máximo para resolver e notificar será de seis meses. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento. Nos supostos en que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

O procedemento de cancelación será resolto mediante orde do ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, por proposta da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase recorrer, potestativamente, en reposición, ante o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a súa publicación ou ser impugnada, directamente, ante a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no prazo de dous meses, tamén contado desde o día seguinte ao da súa publicación, sen que se poidan simultanear ambas as vías de impugnación.

6. A cancelación da inscrición dunha variedade entenderase sen prexuízo da posibilidade da súa posible reinscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, de oficio ou por instancia de parte, unha vez que se comprobe que o material entregado se corresponde coa descrición da variedade.

Artigo 52. *Suspensión cautelar da produción e comercialización.*

1. Mentres non se resolva o expediente de cancelación, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co sinalado polo artigo 23.2 da Lei 30/2006, do 26 de xullo, poderase suspender cautelarmente a produción e comercialización de sementes ou plantas de viveiro dunha variedade. O procedemento de suspensión cautelar iniciarase de oficio, por pedimento de calquera dos interesados ou do propio órgano instrutor do procedemento.

Unha vez recibida a solicitude de suspensión cautelar, o director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros resolverá no prazo máximo de cinco días a iniciación ou non do procedemento de suspensión.

2. O escrito coa petición da suspensión cautelar será remitido aos demais interesados no procedemento, que poderán alegar no prazo de 10 días cantas cuestións coiden convenientes ou presentar a documentación oportuna.

3. O director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros resolverá, logo do informe do órgano instrutor do procedemento de cancelación, sobre a suspensión cautelar no prazo máximo de tres meses, contados a partir do día seguinte ao da iniciación do procedemento de suspensión. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Contra a resolución que se dite, que non esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante o secretario xeral de Medio Rural, no prazo dun mes, desde a súa

notificación ou de tres meses se, transcorrido o prazo de resolución, non se notificou ao interesado a resolución correspondente.

4. A resolución de suspensión cautelar poderase alzar en calquera momento dentro da tramitación do procedemento de cancelación e, en todo caso, deixará de producir efectos no momento en que se resolva sobre a cancelación.

TÍTULO IV

Denominacións das variedades

CAPÍTULO I

Procedemento de aprobación

Artigo 53. *Requisitos das denominacións.*

1. As denominacións das variedades axustaranse, con carácter xeral, ao disposto polo artigo 11 da Lei 30/2006, do 27 de xullo, e polas disposicións contidas no Regulamento (CE) n.º 637/2009 da Comisión, do 22 de xullo de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación referentes á adecuación das denominacións das variedades das especies de plantas agrícolas e especies hortícolas.

2. O solicitante non poderá depositar como denominación dunha variedade unha designación que xa se beneficie dun dereito de marca referente a produtos idénticos ou similares, ou unha denominación que poida crear confusión coas ditas marcas, salvo se renuncia aos dereitos amparado pola marca.

Artigo 54. *Rexistro da denominación.*

1. A solicitude de denominación para unha variedade deberase presentar ante a Oficina Española de Variedades Vexetais en calquera momento do procedemento antes da finalización dos ensaios, e nela indicárase se é nome de fantasía ou código, e publicarase por medios gráficos ou telemáticos.

2. Cando o solicitante non indique o tipo de denominación que propón, aplicaranse as regras relativas ás denominacións de fantasía.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, as solicitudes de inscrición dunha variedade poderanse presentar cunha referencia do obtentor, sen proposta de denominación, excepto se a mesma variedade dispón de título de obtención vexetal concedido polo Rexistro de Variedades Protexidas.

4. Cando a solicitude dunha variedade se encontre ao mesmo tempo no Rexistro de Variedades Comerciais e no Rexistro de Variedades Protexidas a denominación proposta non se aprobará mentres non se presente o informe da Oficina Española de Patentes e Marcas a que se refire o número 5 do artigo 48, da Lei 3/2000, do 7 de xaneiro, de réxime xurídico da protección das obtencións vexetais.

Artigo 55. *Aprobación.*

1. Aos tres meses da súa publicación no Boletín do Rexistro de Variedades Comerciais sen ter recibido obxección ningunha, e tras ter comprobado que se axusta ao previsto nos artigos anteriores, a denominación quedará aprobada provisionalmente.

2. A aprobación definitiva da denominación producirase ao mesmo tempo que se inscriba a variedade no Rexistro de Variedades Comerciais, sempre tendo en conta o disposto no número 4 do artigo anterior.

3. Recibida unha obxección á denominación, ou comprobado que non se axusta ao establecido neste título, a Oficina Española de Variedades Vexetais requirirá o solicitante para que no prazo de 10 días propoña unha nova denominación, sen prexuízo de que o dito solicitante poida presentar alegacións e solicitar medios de proba, de acordo co previsto nos artigos 79 e 80 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. As denominacións varietais que fosen solicitadas ou aceptadas en forma de código estarán claramente identificadas como tales nas pertinentes publicacións mediante unha

nota de rodapé, coa seguinte explicación: «Denominación varietal solicitada ou aceptada en forma de código».

Artigo 56. *Denominacións de variedades de conservación e variedades de especies hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en rexións determinadas.*

1. Respecto das denominacións de variedades de conservación e de variedades de especies hortícolas desenvolvidas para o seu cultivo en rexións determinadas, se a denominación era coñecida antes do 25 de maio do ano 2000 non será necesario o seu estudo, polo que a denominación se aceptará tal e como fose notificada, sempre que non entre en conflito coa denominación doutra variedade da mesma especie ou grupo que se encuentre inscrita ou en proceso de inscrición, cunha marca rexistrada, cunha denominación de orixe ou cunha indicación xeográfica protexida; casos en que a Oficina Española de Variedades Vexetais resolverá.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais poderá aceptar máis dunha denominación para unha variedade se se proba suficientemente que son historicamente coñecidas.

CAPÍTULO II

Regras de uso

Artigo 57. *Utilización da denominación.*

1. Se, en virtude dun dereito anterior, a utilización da denominación dunha variedade está prohibida a unha persoa que está obrigada a utilizala de conformidade co disposto neste título, o instrutor do procedemento exixirá que o obtentor propoña outra denominación para a variedade.

2. Quen en España proceda á posta en venda ou á comercialización de material de reprodución ou de multiplicación vexetativa dunha variedade inscrita na correspondente lista de variedades comerciais, estará obrigado a utilizar a denominación desa variedade sempre que non se opoñan dereitos anteriores a esa utilización, caso en que se procederá conforme o previsto no número anterior.

3. Sen prexuízo do disposto no punto primeiro deste artigo, ningún dereito relativo á designación rexistrada como a denominación da variedade poderá obstaculizar a libre utilización da denominación en relación coa variedade.

4. Cando unha variedade se ofrezca en venda ou se comercialice, estará permitido asociar unha marca de fábrica ou de comercio, un nome comercial ou unha indicación similar, á denominación da variedade rexistrada. Se tal indicación se asocia desta forma, a denominación deberá ser, non obstante, facilmente recoñecible.

TÍTULO V

Requisitos para a inscrición como conservadores de variedades inscritas

CAPÍTULO I

Solicitudes, material e ensaios

Artigo 58. *Solicitud.*

1. Calquera produtor obtentor ou seleccionador de sementes, debidamente autorizado de acordo co Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro, polo que se aproba o Regulamento para a autorización e rexistro dos produtores de sementes e plantas de viveiro e a súa inclusión no Rexistro Nacional de Produtores, poderá presentar unha solicitude ante a Oficina Española de Variedades Vexetais nas datas que figuran nos respectivos regulamentos técnicos de inscrición de variedades, para ser inscrito como conservador dunha variedade inscrita ou que se poida inscribir no Rexistro de Variedades Comerciais pertencente a especies de plantas agrícolas e hortícolas.

2. A solicitude deberá indicar:
 - a) Os datos persoais e o código do rexistro de produtor.
 - b) A especie e a denominación da variedade.
 - c) A información relativa á orixe do material de partida que se vai utilizar para iniciar a conservación da variedade.

3. No caso de variedades de conservación poderán ser conservadores destas, ademais dos sinalados no punto 1 deste artigo, os produtores multiplicadores e centros de investigación públicos ou privados.

Artigo 59. *Material necesario e ensaios.*

1. Os solicitantes estarán obrigados a presentar as cantidades do material de partida nas datas de entrega que figuran nos respectivos regulamentos técnicos de inscrición de variedades.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais realizará todos os estudos e comprobacións precisas para confirmar a identidade varietal, a homoxeneidade e a estabilidade do dito material.

3. Cando se trate de variedades híbridas ou sintéticas, os solicitantes deberán entregar unha mostra correspondente a cada un dos seus compoñentes xenealóxicos.

CAPÍTULO II

Inscrición de conservadores

Artigo 60. *Inscrición de conservadores.*

1. O director da Oficina Española de Variedades Vexetais resolverá o procedemento para a concesión ou denegación da inscrición como conservador para a variedade de que se trate no Rexistro de Variedades Comerciais cando do resultado das comprobacións realizadas se demostre que:

- a) O proceso de conservación se realiza correctamente e a variedade conserva as características que deron orixe á súa inscrición na correspondente lista de variedades comerciais.
- b) O solicitante cumpre as condicións necesarias para realizar o proceso de conservación e, se é o caso, se encontra autorizado polo obtentor.

2. A Oficina Española de Variedades Vexetais comunicará ao solicitante, aos órganos competentes das comunidades autónomas e á Comisión Europea e Estados membros da Unión Europea a concesión da inscrición.

3. Quedarán automaticamente inscritos no Rexistro de Variedades Comerciais como conservadores os produtores obtentores ou seleccionadores de sementes debidamente autorizados de acordo co Real decreto 1891/2008, do 14 de novembro:

- a) Que sexan designados expresamente polo obtentor dunha variedade respecto da cal se solicitase o seu rexistro ou xa estea inscrita no Rexistro de Variedades Comerciais.
- b) Que presenten unha solicitude para ser inscritos como conservadores e remitan, con ela, autorización expresa do obtentor, con indicación da cantidade de material de partida entregado.
- c) Que sexan designados polo titular dun título de obtención vexetal, nacional ou comunitario, na licenza de explotación concedida polo obtentor, en que conste a súa autorización expresa para que o licenciario poida conservar a variedade.

CAPÍTULO III

Efectos da inscrición e perda da condición de conservador

Artigo 61. *Efectos da inscrición.*

Só os produtores obtentores e seleccionadores de sementes inscritos como conservadores dunha variedade terán dereito a:

- a) Producir semente de categoría base, prebase e certificada.
- b) Que se lles admitan declaracións de cultivo para a produción de sementes de todas as xeracións, de acordo coa categoría de produtor de que se trate.

Artigo 62. *Perda da condición de conservador.*

1. Producirase a perda da condición de conservador cando:

- a) Se verifique, mediante comprobacións e ensaios oficiais, que non se cumpren as condicións de distinción, homoxeneidade e estabilidade.
- b) Se comprobe que se deron informacións falsas ou fraudulentas en relación aos datos en que se baseou a concesión da condición de conservador.
- c) O produtor seleccionador non permita a inspección dos traballos encamiñados a comprobar o proceso de conservación.

2. Se se trata dunha variedade protexida pola lexislación nacional ou comunitaria, perderase a condición de conservador:

- a) Cando se cancele a licenza de explotación pola expiración do seu prazo.
- b) Cando se resolva o contrato de licenza por incumprimento dalgunha das partes e así se declare xudicialmente.

Artigo 63. *Recursos.*

1. Os que teñan a consideración de interesados para os efectos do disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderán manifestar as súas oposicións mediante a presentación de recurso de alzada dirixido ao director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución do director da Oficina Española de Variedades Vexetais.

2. O prazo máximo para resolver e notificar será de tres meses, excepto cando sexa necesaria a realización de novas comprobacións no campo ou no laboratorio; neste suposto o prazo quedará suspendido desde a comunicación ao interesado de que se realizará un novo exame técnico ata que se incorporen ao expediente os seus resultados, de acordo co previsto no artigo 42.5.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

ANEXO I

Regulamento técnico de inscrición de variedades de arroz, avea, cebada, centeo, trigo e triticales

1. *Ámbito de aplicación.*—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

- Arroz: *Oryza sativa* L.
- Avea: *Avena sativa* L.
- Avea estrigosa: *Avena strigosa* Schreb.
- Avea vermella: *Avena byzantina* C. Koch.
- Avea sen casca: *Avena nuda* L.
- Orxo: *Hordeum vulgare* L.
- Centeo: *Secale cereale* L.

Trigo mol: *Triticum aestivum* L. emend. Fiori et Paol.
Trigo duro: *Triticum durum* Desf.
Trigo espelta: *Triticum spelta* L.
Triticale: X *Triticosecale* Wittm.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán as seguintes:

Trigo mol de inverno: 1 de agosto.
Trigo mol de primavera: 15 de agosto.
Trigo espelta: 1 de agosto.
Trigo duro: 15 de agosto.
Orxo de inverno: 1 de agosto.
Orxo de primavera: 15 de agosto.
Avea de inverno: 1 de agosto.
Avea de primavera: 15 de agosto.
Centeo: 1 de agosto.
Triticale: 1 de agosto.
Arroz: 1 de xaneiro.

3. Material necesario para os ensaios.—Con obxecto de levar a cabo os ensaios e determinacións que se prevén no regulamento xeral, deberase subministrar nos almacéns do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaría, situados na avda. Padre Huidobro s/n na estrada da Coruña, km 7,500 (28040 Madrid), o seguinte material para cada variedade solicitada:

Para ensaios de identificación (só o primeiro ano, semente sen tratar):

Trigo mol de inverno e primavera, trigo espelta e trigo duro: 3 quilogramos de semente e 240 espigas.

Orxo de inverno e primavera: 3 quilogramos de semente e 240 espigas.
Avea de inverno e primavera: 3 quilogramos de semente e 240 espigas.
Centeo: 3 quilogramos de semente.
Triticale: 3 quilogramos de semente e 240 espigas.
Arroz:

- a) Compoñentes hereditarios (liñas puras e híbridos simples fundacionais): 1 kg.
- b) Híbridos comerciais e variedades non híbridadas: 3 kg.

Para ensaios de valor agronómico, semente tratada (anualmente):

Trigo mol de inverno e primavera, trigo espelta e trigo duro: 40 quilogramos de semente.

Orxo de inverno e primavera: 40 quilogramos de semente.
Avea de inverno e primavera: 30 quilogramos de semente.
Centeo: 30 quilogramos de semente.
Triticale: 40 quilogramos de semente.
Arroz: 15 quilogramos de semente.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega do material para cada campaña e especie serán as seguintes:

Trigo mol de inverno: 1 de setembro.
Trigo mol de primavera: 15 de setembro.
Trigo espelta: 1 de setembro.
Trigo duro: 15 de setembro.
Orxo de inverno: 1 de setembro.
Orxo de primavera: 15 de setembro.

Avea de inverno: 1 de setembro.
 Avea de primavera: 15 de setembro.
 Centeo: 1 de setembro.
 Triticale: 1 de setembro.
 Arroz: 1 de febreiro.

5. Criterios de avaliación.—Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

Rendemento.
 Resistencia aos organismos nocivos.
 Comportamento con respecto a factores do contorno físico.
 Características cualitativas.
 Consideraranse, polo menos, como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade, as seguintes, para as distintas especies:
 Trigo mol: valor do W, así como relación P/L, porcentaxe de proteínas, índice de Zeleny, peso específico.
 Trigo duro: vitrosidade, porcentaxe de proteínas, carotenos, peso específico.
 Orxo: porcentaxe de proteínas, calibración, extracto seco, poder diastásico, peso específico.
 Avea: porcentaxe de proteínas e porcentaxe de améndoas, no caso das variedades de gran con casca.
 Centeo: porcentaxe de proteínas e peso 1.000 grans.
 Triticale: porcentaxe de proteínas e peso 1.000 grans.
 Arroz: rendemento gran pelado, rendemento gran elaborado e tipo de gran

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Aquelas variedades das especies que se citan a continuación, que con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Oriza sativa L.	Arroz.	TP 16/1 do 18-11-2004.
Avena nuda L.	Avea sen casca.	TP 20/1 do 6-11-2003.
Avena sativa L. (incluída a A. byzantina K. Koch).	Avea e aveas vermella.	TP 20/1 do 6-1-2003.
Hordeum vulgare L.	Orxo.	TP 19/2rev do 11-3-2010.
Secale cereale L.	Centeo.	TP 58/1 do 31-10-2002.
Triticum aestivum L.	Trigo mol.	TP 3/4rev do 28-10-2009.
Triticum durum Desf.	Trigo duro.	TP 120/2 do 6-11-2003.
Triticosecale Wittm ex A. Camus.	Triticale (híbridos do cruzamento dunha especie do xénero Triticum cunha especie do xénero Secale).	TP 121/2 do 22-01-2007.

ANEXO II

Regulamento técnico de inscrición de variedades de remolacha azucreira e forraxeira

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades da especie e variedades botánicas Beta vulgaris L., var. altissima Doell (remolacha azucreira) e Beta vulgaris L., var. crassa Wittm (remolacha forraxeira). Tamén comprenderá os híbridos interespecíficos e intervarietais do xénero «Beta» que poden ter utilización análoga á das indicadas.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán para as variedades en que o solicitante recomende o seu emprego en sementeira primaveral o 15 de xaneiro, e para as variedades en que se recomende sementeira outonal, o 1 de setembro.

3. Material necesario para os ensaios.—Con obxecto de levar a cabo os ensaios e determinacións que se prevén no regulamento xeral, deberase subministrar nos almacéns do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, situados na avda. Padre Huidobro s/n, na estrada da Coruña, km 7,500 (28023 Madrid), a cantidade de 1 unidade para variedades monoxermes xenéticas.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega de material para cada campaña serán para as variedades en que o solicitante recomende o seu emprego en sementeira primaveral o 31 de xaneiro e para as variedades en que se recomende sementeira outonal, o 15 de setembro. En caso de que a entrega do material se leve a cabo en data posterior ás mencionadas, a variedade quedará excluída dos ensaios correspondentes ás sementeiras que se efectúen inmediatamente despois.

5. Criterios de avaliación.—Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

- Rendemento.
- Resistencia aos organismos nocivos.
- Comportamento con respecto a factores do contorno físico.
- Características cualitativas.

Consideraranse, polo menos, como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade, as seguintes, para as distintas especies:

Contido en azucre das raíces (variedades azucreiras).

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Aquelas variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Beta vulgaris L.	Remolacha azucreira directriz.	TP- Remolacha azucreira/do15-11-2001.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Beta vulgaris L.	Remolacha forraxeira.	TG/150/3 do 4-11-1994.

ANEXO III

Regulamento técnico de inscrición de variedades de millo, sorgo e híbridos de sorgo e pasto do Sudán

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

- Millo: *Zea mays* L.
- Sorgo: *Sorghum bicolor* (L.) Moench.
- Pasto do Sudán: *Sorghum sudanense* (Piper) Stapf.

Híbridos de sorgo e pasto do Sudán: *Sorghum bicolor* (L.) Moench x *Sorghum sudanense* (Piper) Stapf.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—A data límite de presentación das solicitudes será, para calquera variedade, con independencia da especie a que pertenza, o 1 de xaneiro.

3. Material necesario para os ensaios.—Con obxecto de levar a cabo os ensaios e determinacións que se prevén no regulamento xeral, deberase subministrarse nos almacéns do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaría, situados na avda. Padre Huidobro s/n, na estrada da Coruña, quilómetro 7,500 (28040 de Madrid), o seguinte material para cada variedade solicitada:

Para ensaios de identificación (só o primeiro ano, semente sen tratar):

a) Compoñentes hereditarios (liñas puras e híbridos simples fundacionais):

Millo: 5.000 sementes.

Sorgo: 1 quilogramo de semente.

Pasto do Sudán: 1 quilogramo de semente.

Híbrido de sorgo e pasto do Sudán: 1 quilogramo de semente.

b) Híbridos comerciais e variedades de polinización libre:

Millo: 5.000 sementes.

Sorgo: 3 quilogramos de sementes.

Pasto do Sudán: 3 quilogramos de semente.

Híbrido de sorgo e pasto do Sudán: 3 quilogramos de semente.

Cando se solicite a inscrición dunha variedade híbrida será obrigatoria a entrega do material correspondente de todos os compoñentes hereditarios que interveñan, así como da propia variedade, e indicarse para cada un destes compoñentes se se trata ou non de material de dominio público e, en calquera caso, a súa orixe.

Non será preciso entregar o compoñente ou os compoñentes hereditarios dunha variedade híbrida ou sintética, salvo petición expresa, se xa foron subministrados polo mesmo solicitante á OEVV, para o seu ensaio no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas.

Ensaos de valor agronómico (anualmente):

Millo: 25.000 sementes.

Sorgo: 5 quilogramos de semente.

Pasto do Sudán: 5 quilogramos de semente.

Híbridos de sorgo e pasto do Sudán: 5 quilogramos de semente.

As cantidades anteriormente referidas subministraranse nos casos en que a inscrición se solicite co fin de incluír a variedade na Lista de variedades comerciais, e deberá indicarse o peso de mil sementes e a capacidade xerminativa, que no caso das variedades e compoñentes hereditarios de millo non será inferior ao 80 por cento; estas cantidades refírense a sementes viables.

4. Datas límite de entrega do material.—A data límite de entrega do material será en todos os casos, para cada campaña, o 1 de febreiro.

5. Criterios de avaliación.—Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

Rendemento.

Resistencia aos organismos nocivos.

Comportamento con respecto a factores do contorno físico.

Características cualitativas.

Consideraranse, polo menos, como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade as seguintes para as distintas especies:

Millo: contido en proteínas, caroteno, amidón e materia seca en variedades forraxeiras.

Sorgo: contido en proteínas, taninos e materia seca en variedades forraxeiras.

Pasto do Sudán e híbridos de sorgo e pasto do Sudán: contido en materia seca.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Aquelas variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se for o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Zea mays</i> L.	Millo.	TP 2/3 do 11-3-2010.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Sorghum bicolor</i> L. Moench.	Sorgo.	TG/122/3 do 6-10-1989.

ANEXO IV

Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies forraxeiras, pratenses, cespitosas e leguminosas de gran

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

Agrostis estolonífera: *Agrostis stolonifera* L.
 Agrostis tenue: *Agrostis capillaris* L.
 Dactilo: *Dactylis glomerata* L.
 Festuca alta: *Festuca arundinacea* Schreber.
 Festuca pratense: *Festuca pratensis* Hudson.
 Festuca vermella: *Festuca rubra* L.
 Grama das Bermudas: *Cynodon dactylon* (L.) Pers.
 Poa dos prados: *Poa pratensis* L.
 Ray-grass híbrido: *Lolium x boucheanum* Kunth.
 Ray-grass inglés: *Lolium perenne* L.
 Ray-grass italiano: *Lolium multiflorum* Lam.
 Alfalfa: *Medicago sativa* L.
 Tremoceiro amarelo: *Lupinus luteus* L.
 Tremoceiro azul: *Lupinus angustifolius* L.
 Tremoceiro branco: *Lupinus albus* L.
 Esparcela: *Onobrychis viciifolia* Scop.
 Garavanzo: *Cicer arietinum* L.
 Chícharo forraxeiro: *Pisum sativum* L. (partim).
 Fabón forraxeiro: *Vicia faba* L. (partim).
 Lentella: *Lens culinaris* Medik.
 Trevo branco: *Trifolium repens* L.
 Trevo subterráneo: *Trifolium subterraneum* L.
 Trevo violeta: *Trifolium pratense* L.

Veza común: *Vicia sativa* L.
Veza pilosa: *Vicia villosa* Roth
Ervellaca: *Vicia narbonensis* L.
Ervellos bravos: *Vicia ervilia* (L.) Willd.
Sula: *Hedysarum coronarium* L.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán as seguintes:

Alfalfa: 1 de xaneiro.
Agrostis, dactilo, festucas, grama das Bermudas, poa, ray-grass e trevos: 1 de xuño.
Tremoceiros, ervellaca, esparcela, garavanzo, chícharo forraxeiro, fabóns forraxeiros, lentellas, vezas, ervellos bravos e sula: 1 de agosto.

3. Material necesario para os ensaios.—Con obxecto de levar a cabo os ensaios e determinacións que se prevén no regulamento xeral deberase subministrar nos almacéns do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaría, situados na avda. Padre Huidobro s/n na estrada da Coruña, km 7,500 (28023 Madrid), o seguinte material para cada variedade solicitada, excepto o material de identificación das especies de garavanzo e tremoceiros, que se entregarán no Centro de Sementes do INIA, praza de España, sector 3, 41013 Sevilla.

Para ensaios de identificación (só o primeiro ano, sementes sen tratar):

Alfalfa, agrostis, dactilo, festucas, grama das Bermudas, poa, ray-grass e trevos: 1 quilogramo de semente.

Tremoceiros, garavanzos, lentellas e ervellos bravos: 5 quilogramos de semente.

Esparcela e sula: 2 quilogramos de semente.

Ervellaca, vezas, chícharo forraxeiro e fabóns forraxeiros: 3 quilogramos de semente.

Para ensaios de valor agronómico (anualmente, semente tratada):

Alfalfa, agrostis, dactilo, festucas, grama das Bermudas, poa, ray-grass e trevos: 2 quilos de semente.

Esparcela, ervellos bravos e sula: 15 quilogramos de semente.

Tremoceiros, ervellaca, garavanzos e vezas: 25 quilogramos de semente.

Lentellas: 20 quilogramos de semente.

Chícharo forraxeiro e fabóns forraxeiros: 40 quilogramos de semente.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega de material para cada campaña e especie serán as seguintes:

Alfalfa: 1 de febreiro.

Agrostis, dactilo, festucas, grama das Bermudas e poa, trevos e ray-grass: 1 de xullo.

Tremoceiros, esparcela, garavanzos, chícharo forraxeiro, fabóns forraxeiros, ervellaca, lentellas, vezas, ervellos bravos e sula: 1 de setembro.

5. Criterios de avaliación.—Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

Rendemento.

Resistencia aos organismos nocivos.

Comportamento con respecto a factores do contorno físico.

Características cualitativas.

Consideraranse, polo menos, como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade as seguintes para as distintas especies:

Alfalfa: contido en materia seca, proteínas e caroteno.

Dactilo, esparcela, festucas, ray-grass, sula e trevos: contido en materia seca e proteínas.

Ervellos bravos: contido en proteínas e alcaloides
 Garavanzos: contido en alcaloides e proteínas
 Tremoceiros: contido en proteínas, graxa e alcaloides.
 Ervellaca e vezas: contido en materia seca e proteínas.
 Lentellas, chícharos e fabóns: contido en proteínas.
 Variedades cespitosas: a finura das follas, densidade do céspede, persistencia e resistencia ao frío e á calor, segundo o comportamento invernal, e á pisa.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Aquelas variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao se iniciar o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Pisum sativum</i> L.	Chícharo forraxeiro.	TP 7/2 do 11-3-2010.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Agrostis estolonifera</i> L.	Agrostis estolonífera.	TG/30/6 do 12-10-1990.
<i>Agrostis capillaris</i> L.	Agrostis común.	TG/30/6 do 12-10-1990.
<i>Medicago sativa</i> L.	Alfalfa.	TG/6/5 do 6-4-2005.
<i>Lupinus albus</i> L.	Tremoceiro branco.	TG/66/4 do 31-3-2004.
<i>Lupinus luteus</i> L.	Tremoceiro amarelo.	TG/66/4 do 31-3-2004.
<i>Lupinus angustifolius</i> L.	Tremoceiro azul.	TG/66/4 do 31-3-2004.
<i>Dactylis glomerata</i> L.	Dactilo.	TG/31/8 do 17-4-2002.
<i>Festuca arundinacea</i> Schreber.	Festuca alta.	TG/39/8 do 17-4-2002.
<i>Festuca pratensis</i> Huds.	Festuca pratense.	TG/39/8 do 17-4-2002.
<i>Festuca rubra</i> L.	Festuca vermella.	TG/67/5 do 5-4-2006.
<i>Poa pratensis</i> L.	Poa dos prados.	TG/33/6 do 12-10-1990.
<i>Lolium multiflorum</i> Lam.	Ray-grass italiano.	TG/4/8 do 5-4-2006.
<i>Lolium perenne</i> .	Ray-grass inglés.	TG/4/8 do 5-4-2006.
<i>Lolium x boucheanum</i> Kunth.	Ray-grass híbrido.	TG/4/8 do 5-4-2006.
<i>Trifolium pratense</i> L.	Trevo violeta.	TG/5/7 do 4-4-2001.
<i>Trifolium repens</i> L.	Trevo branco.	TG/38/7 do 9-4-2003.
<i>Trifolium subterraneum</i> L.	Trevo subterráneo.	TG/170/3 do 4-4-2001.
<i>Vicia faba</i> L.	Fabón forraxeiro.	TG/8/6 do 17-4-2002.
<i>Vicia sativa</i> L.	Veza común.	TG/32/6 do 21-10-1988.
<i>Cicer arietinum</i> L.	Garavanzo.	TG/143/4 do 6-04-2005.
<i>Lens culinaris</i> medik.	Lentella.	TG/21/01 do 9-04-2003.

ANEXO V

Regulamento técnico de inscrición de variedades de durmideira, algodón, cáñabo, cártamo, colza, xirasol, liño e soia

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

Durmideira: *Papaver somniferum* L.
 Algodón: *Gossypium* spp.

Cánabo: *Cannabis sativa* L.
Cártamo: *Carthamus tinctorius* L.
Colza: *Brassica napus* L. (partim).
Xirasol: *Helianthus annuus* L.
Liño: *Linum usitatissimum* L.
Soia: *Glycine max* (L.) Merrill.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán as seguintes:

Durmideira: 1 de agosto.
Algodón: 1 de xaneiro.
Cánabo: 1 de febreiro.
Cártamo: 1 de decembro.
Colza: 1 de agosto.
Xirasol: 1 de decembro.
Liño: 1 de decembro.
Soia: 1 de xaneiro.

Con obxecto de levar a cabo os ensaios e determinacións que se prevén no regulamento xeral, deberase subministrar nos almacéns do Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria, situados na avda. Padre Huidobro na estrada da Coruña, km 7,500 (28040 Madrid), o seguinte material para cada variedade solicitada, excepto o material de identificación de xirasol que entregarán no Centro de Sementes do INIA, praza de España, sector 3, 41013 Sevilla.

3. Material necesario para os ensaios.

Ensaos de identificación (só o primeiro ano, semente sen tratar):

Durmideira: 100 gramos de semente.
Algodón: 5 quilogramos de semente.
Cánabo: 1 quilogramo de semente sen tratar da variedade e 50 gramos de cada compoñente, no caso de variedades híbridas.
Cártamo: 1 quilogramo de semente.
Colza híbrida e asociacións:

- a) Compoñentes hereditarios (liñas puras, polinizadores e híbridos simples fundacionais): 300 gramos.
- b) Variedades comerciais híbridas e non híbridas: un quilogramo.

Xirasol:

- a) Compoñentes hereditarios (híbridos simples fundacionais, liñas androestériles «A» e liñas restauradoras «R»): 500 gramos.
- b) Liña mantedora «B»: 100 gramos de semente, salvo cando se utilice como polinizadora para a obtención de híbridos fundacionais, caso en que deberán enviar 500 g de semente.
- c) Híbridos comerciais e variedades de fecundación libre: 2 quilogramos de semente.

Liño: 3 quilogramos de semente.
Soia: 5 quilogramos de semente.

Cando se solicite a inscrición dunha variedade híbrida ou sintética, será obrigatoria a entrega do material correspondente de todos os compoñentes hereditarios que interveñan, así como da propia variedade, indicándose para cada un dos compoñentes hereditarios se se trata ou non de material de dominio público e, en calquera caso, a súa orixe.

Non será preciso entregar o compoñente ou compoñentes hereditarios dunha variedade híbrida ou sintética, salvo petición expresa, se xa foron subministrados polo mesmo

solicitante á OEVV, para o seu ensaio no Rexistro de Variedades Comerciais ou no Rexistro de Variedades Protexidas.

Ensaio de valor agronómico (anualmente):

Durmideira: 200 gramos de semente.

Algodón: 10 quilogramos de semente.

Cánabo: 5 quilogramos de semente.

Cártamo: 12 quilogramos de semente.

Colza e asociacións:

a) Variedades comerciais híbridas e non híbridas: 3 quilogramos de semente.

b) Asociacións: 3 quilogramos de semente, entregando separadamente, con tratamento de cor diferente, a variedade híbrida androestéril e o polinizador.

Xirasol: 5 quilogramos de semente.

Liño: 10 quilogramos de semente.

Soia: 15 quilogramos de semente.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega de material para cada campaña e especie serán as seguintes:

Durmideira: 1 de setembro.

Algodón: 1 de febreiro.

Cánabo: 1 de marzo.

Cártamo: 1 de xaneiro.

Colza: 15 de agosto.

Xirasol: 1 de xaneiro.

Liño: 1 de xaneiro.

Soia: 1 de febreiro.

5. Criterios de avaliación.—Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

Rendemento.

Resistencia aos organismos nocivos.

Comportamento con respecto a factores do contorno físico.

Características cualitativas.

Consideraranse, polo menos, como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade, as seguintes para as distintas especies:

Cártamo: contido en aceite e en proteínas co gran sen descascar.

Colza: contido en aceite, proteínas da torta, glicosinolatos e ácido erúxico.

Xirasol: contido en aceite e en proteínas da torta.

Soia: contido en aceite e contido e calidade das proteínas.

Algodón: características da fibra.

Cánabo: contido en casca, características da fibra e contido en THC. A determinación cuantitativa do contido en THC deberase efectuar seguindo o método analítico especificado no anexo I do Regulamento 796/2004, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, a modulación e o sistema integrado de xestión e control previstos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

Liño: características da fibra e contido en aceite.

Durmideira: contido en alcaloides.

Non poderán ser obxecto de inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais as variedades de colza con máis do 2 por cento e menos do 39 por cento de contido de ácido

erúxico do total de ácidos graxos. O contido en glicosinolatos non poderá exceder 18 micromoles.

As variedades de cânabo que superen o 0,2 por cento de contido en THC non poderán ser obxecto de inscrición no Rexistro de Variedades Comerciais, de acordo co establecido no Regulamento da Comisión 796/2004

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Aqueles variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Brassica napus</i> L.	Colza	TP 36/1 do 25.3.2004.
<i>Helianthus annuus</i> L.	Xirasol.	TP 81/1 do 31.10.2002.
<i>Linum usitatissimum</i> L.	Liño.	TP 57/1 do 21.3.2007.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
<i>Papaver somniferum</i> L.	Durmideira	TG/166/3 do 24.3.1999
<i>Carthamus tinctorius</i> L.	Cártamo	TG/134/3 do 12.10.1990
<i>Gossypium</i> spp.	Algodón	TG/88/6 do 4.4.2001
<i>Glycine max</i> L. Merrill.	Soia	TG/80/6 do 1.4.1998

ANEXO VI

Regulamento técnico de inscrición de variedades de pataca

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades de pataca que poidan ter unha utilización económica na agricultura ou industria.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán:

a) Para variedades de cultivo en primeira sementeira (extra temperá e temperá): antes do 20 de setembro.

b) Para variedades de cultivo en segunda sementeira (media estación e tardía): antes do 1 de xaneiro.

3. Material necesario para os ensaios.

Ensaos de identificación: 220 tubérculos sen tratar.

Ensaos de valor agronómico ou de utilización: 300 kg de tubérculos tratados.

En ambos os casos, o calibre dos tubérculos subministrados estará comprendido entre 32 e 50 milímetros.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega do material para cada campaña serán as seguintes:

Para variedades de cultivo en primeira sementeira (extra temperá e temperá): antes do 20 de outubro.

Para variedades de cultivo en segunda sementeira (media estación e tardía): antes do 1 de febreiro.

5. Criterios de avaliación.–Os estudos máis importantes que se levarán a cabo para determinar o valor agronómico ou de utilización referiranse fundamentalmente ao:

- Rendemento.
- Resistencia aos organismos nocivos.
- Comportamento con respecto a factores do contorno físico.
- Características cualitativas.

Consideraranse polo menos como características fundamentais para apreciar a calidade dunha variedade as seguintes:

- Calidade culinaria ou aproveitamento industrial.
- Homoxeneidade dos tubérculos
- Profundidade dos ollos.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.–Aquelas variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011 iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común.	Protocolo.
Solanum tuberosum L.	Pataca	TP 23/2 do 1.12.2005.

ANEXO VII

Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies hortícolas

1.–Ámbito de aplicación.–O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

- Acelga: *Beta vulgaris* L.
- Chicoria industrial: *Cichorium intybus* L.
- Chicoria silvestre ou chicoria italiana: *Cichorium intybus* L.
- Allo: *Allium sativum* L.
- Alcachofa: *Cynara cardunculus* L.
- Apio: *Apium graveolens* L.
- Apionabo: *Apium graveolens* L.
- Berenxena: *Solanum melongena* L.
- Borraxe: *Borrago officinalis* L.
- Brócoli: *Brassica oleracea* L.
- Cabaciña: *Cucurbita pepo* L.
- Cabaza: *Cucurbita maxima* Duchesne.
- Cabaza de peregrino: *Lagenaria siceraria* (Molina) Standl.
- Cabaza moscada: *Cucurbita moschata* Dush.
- Cabaza de cidra: *Cucurbita ficifolia*.
- Valerianela: *Valerianella locusta* (L.) Laterr.
- Cardo: *Cynara cardunculus* L.
- Cebola: *Allium cepa* L (grupo Cepa).
- Ceboliña: *Allium fistulosum* L.
- Ceboliño: *Allium schoenoprasum* L.
- Chalota: *Allium cepa* L. (grupo *Aggregatum*).
- Col chinesa: *Brassica rapa* L.
- Col de Bruxelas: *Brassica oleracea* L.

Col de Milán: *Brassica oleracea* L.
Col forraxeira ou verza: *Brassica oleracea* L.
Coliflor: *Brassica oleracea* L.
Nabicol: *Brassica napus* L. var *napobrassica* L. Reich.
Colirravo: *Brassica oleracea* L.
Endivia: *Cichorium intybus* L.
Escarola folla lisa: *Cichorium endivia* L.
Escarola folla rizada: *Cichorium endivia* L.
Espárrago: *Asparagus officinalis* L.
Espinaca: *Spinacia oleracea* L.
Tirabeque: *Pisum sativum* L. (partim).
Chícharo gran liso redondo: *Pisum sativum* L. (partim).
Chícharo gran rugoso: *Pisum sativum* L. (partim).
Fabón: *Vicia faba* L. (partim).
Híbridos inter-específicos do xénero *Cucurbita*:
Híbridos inter-específicos do xénero *Lycopersicon*:
Fiúncho: *Foeniculum vulgare* Miller.
Feixón de encanar: *Phaseolus vulgaris* L.
Feixón de mata baixa: *Phaseolus vulgaris* L.
Feixón escarlata ou feixón de España: *Phaseolus coccineus* L.
Leituga: *Lactuca sativa* L.
Lombarda: *Brassica oleracea* L.
Millo doce: *Zea mays* L. (partim).
Millo de estourar: *Zea mays* L. (partim).
Melón: *Cucumis melo* L.
Grelas, nabos, nabiza: *Brassica rapa* L.
Cogombriño: *Cucumis sativus* L.
Cogombro: *Cucumis sativus* L.
Perexil: *Petroselinum crispum* (Mill.) Nyman ex A. W. Hill.
Cerefolio: *Anthriscus cerefolium* (L.) Hoffm.
Pemento: *Capsicum annuum* L.
Allo porro: *Allium porrum* L.
Ravo de inverno ou ravo negro: *Raphanus sativus* L.
Ravo ou raviño: *Raphanus sativus* L.
Remolacha de mesa: *Beta vulgaris* L.
Repolo: *Brassica oleracea* L.
Ruibarbo: *Rheum rhabarbarum* L.
Barba cabreira branca: *Tragopogon porrifolium* L.
Barba cabreira negra ou escorzona: *Scorzonera hispanica* L.
Sandía: *Citrullus lanatus* (Thunb.) Matsum. et Nakai.
Tomate: *Lycopersicon esculentum* Mill.
Cenoria de mesa: *Daucus carota* L.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación das solicitudes para cada campaña serán as seguintes:

1 de xaneiro: espárrago, millo doce e millo de estourar.

1 de febreiro: berenxena e feixóns.

1 de marzo: acelga, chicoria industrial e silvestre, apio, borraaxe, brócoli, cabaciña, cabaza, cardo, col de Bruxelas, col de Milán, col forraxeira ou verza, col repolo chinés, coliflor, nabicol, colirravo, endivia, escarola, fiúncho, lombarda, ravo e raviño, remolacha de mesa, repolo, barba cabreira, cenoria, híbridos interespecíficos do xénero *Cucurbita*,

1 de abril: grelos, nabos, nabizas, perexil e espinaca.

1 de maio: alcachofa.

1 de xuño: cebola de cedo, ceboliña, ceboliño, híbridos interespecíficos do xénero *Lycopersicon*, leituga, melón, cerefolio, cogombro, pemento e tomate.

1 de agosto: allo, chícharo e fabón.

1 de novembro: cebola de tarde, charouvía, leituga, melón, cogombro, pemento, allo porro, sandía e tomate.

3. Material necesario para ensaios (semente sen tratar, envío só o primeiro ano excepto allo). Os compoñentes hereditarios estudaranse logo de solicitude.

Acelga: 200 gramos.

Chicorias: 100 gramos.

Allo: 75 cabezas.

Alcachofa: 60 gramos ou 120 estacas enraizadas.

Apio: 15 gramos.

Berenxena: 20 gramos.

Borraxe: 250 gramos.

Brócoli: 60 gramos.

Cabaza: 800 gramos.

Cabaza de peregrino: 800 gramos.

Cabaza moscada: 800 gramos.

Cabaciña: 600 gramos.

Cardo: 100 gramos.

Cebola: 100 gramos.

Ceboliña: 100 gramos.

Ceboliño: 100 gramos.

Charouvía: 50 gramos.

Col de Bruxelas: 60 gramos.

Col de Milán: 60 gramos.

Col forraxeira ou verza: 60 gramos.

Col repolo chinés: 60 gramos.

Coliflor: 60 gramos.

Nabicol: 60 gramos.

Colirravo: 60 gramos.

Endivia: 60 gramos.

Escarola: 50 gramos.

Espárrago: 125 gramos de semente.

Espinaca: 300 gramos.

Chícharo: 3 quilogramos.

Fabóns: 3 quilogramos.

Híbridos inter-específicos do xénero Cucurbita: 800 gramos.

Híbridos inter-específicos do xénero Lycopersicon: 20 gramos.

Fiúncho: 50 gramos.

Feixóns: 3 quilogramos.

Feixóns escarlata: 5 quilogramos.

Leituga: 70 gramos.

Lombarda: 60 gramos.

Melón: 150 gramos.

Nabo: 300 gramos.

Millo doce e de estourar: 500 gramos, para híbridos e compoñentes hereditarios.

Cogombro: 70 gramos.

Perexil: 25 gramos.

Perifollo: 50 gramos.

Pemento: 45 gramos.

Allo porro: 50 gramos.

Ravo e raviño: 150 gramos.

Remolacha de mesa: 200 gramos.

Repolo: 60 gramos.

Barba cabreira branca: 50 gramos.

Barba cabreira negra ou escorzoneira: 50 gramos.

Sandía: 150 gramos.

Tomate: 20 gramos.

Cenoria: 50 gramos.

4. Datas límite de entrega do material.—As datas límite de entrega de material para cada campaña e especie serán as seguintes:

1 de febreiro: espárrago, millo doce e millo de estourar.

1 de marzo: berenxena e feixóns.

1 de abril: acelga, chicoria industrial e silvestre, apio, borraaxe, brócoli, cabaciña, cabaza, cardo, col de Bruxelas, col de Milán, col forraxeira ou verza, col repolo chinés, coliflor, nabicol, colirravo, endivia, escarola, fiúncho, lombarda, ravo e raviño, remolacha de mesa, repolo, barba cabreira, cenoria, híbridos interespecíficos do xénero Cucurbita.

1 de maio: nabo, perexil e espinaca.

1 de xuño: alcachofa.

1 de xullo: cebola de cedo, ceboliña, ceboliño, híbridos interespecíficos do xénero *Lycopersicon*, leituga, melón, cerefolio, cogombro, pemento e tomate.

1 de setembro: allo, chícharo e fabón.

1 de decembro: cebola de tarde, charouvía, leituga, melón, cogombro, pemento, allo porro, sandía e tomate.

5. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Aquelas variedades das especies que se citan a continuación que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, iniciasen os exames oficiais para a súa admisión no Rexistro de Variedades Comerciais, poderán ser aceptadas se cumpren as disposicións establecidas nestes protocolos de exame ou, se é o caso, nos protocolos de exame que se encontraban en vigor ao iniciarse o exame técnico.

Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Nome común	Protocolo
<i>Cichorium intybus</i> L.	Chicoria industrial.	TP 172/2 do 1.12.2005.
<i>Cichorium intybus</i> L.	Chicoria silvestre.	TP 173/1 do 25.3.2004.
<i>Allium sativum</i> L.	Allo.	TP 162/1 do 25.3.2004.
<i>Cynara cardunculus</i> L.	Alcachofa e cardo.	TP 184/1 do 25.3.2004.
<i>Apium graveolens</i> L.	Apio.	TP 82/1 do 13.3.2008.
<i>Apium graveolens</i> L.	Apionabo.	TP 74/1 do 13.3.2008.
<i>Solanum melongena</i> L.	Berenxena.	TP 117/1 do 13.3.2008.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Brócoli.	TP 151/2 do 21.3.2007.
<i>Cucurbita pepo</i> L.	Cabaciña.	TP 119/1 do 25.3.2004.
<i>Valerianella locusta</i> (L.) Laterr.	Valerianela.	TP 75/2 do 21.3.2007.
<i>Allium cepa</i> L. (var. Ceba).	Cebola.	TP 46/2 do 1.04.2009.
<i>Allium cepa</i> L. (var. <i>Aggregatum</i>).	Chalota.	TP 46/2 do 1.04.2009.
<i>Alium fistulosum</i> L.	Ceboliña.	TP 161/1 do 11.3.2003.
<i>Alium schoenoprasum</i> L.	Ceboliño.	TP 198/1 do 1.4.2009.
<i>Beta vulgaris</i> L.	Remolacha de mesa.	TP 60/1/ do 1.4.2009.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Col de Bruxelas.	TP 54/2 do 1.12.2005.
<i>Brassica rapa</i> L.	Col de China.	TP 105/1 do 13.3.2008.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Col de Milán, repolo e lombarda.	TP 48/2 do 1.12.2005.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Coliflor.	TP 45/2 do 11.03.2010.
<i>Brassica oleracea</i> L.	Colirravo.	TP 65/1 do 25.3.2004.
<i>Cichorium endivia</i> L.	Escarola e endivia.	TP 118/2 do 1.12.2005.
<i>Asparagus officinalis</i> L.	Espárrago.	TP 130/1 do 27.3.2002.
<i>Spinacia oleracea</i> L.	Espinaca.	TP 55/2 do 11.3.2010.

Nome científico	Nome común	Protocolo
<i>Pisum sativum</i> L. (partim).	Chícharo de gran rugoso, chícharo de gran liso redondo e tirabeque.	TP 7/2 do 11.3.2010.
<i>Vicia faba</i> L. (partim).	Fabón.	TP Broadbean/1 do 25.3.2004.
<i>Foeniculum vulgare</i> Mill.	Fiúncho.	TP 183/1 do 25.3.2004.
<i>Phaseolus vulgaris</i> L.	Faba de mata baixa e faba de encanar.	TP 12/3 do 1.4.2009.
<i>Phaseolus coccineus</i> L.	Faba escarlata.	TP 9/1 do 21.3.2007.
<i>Lactuca sativa</i> L.	Leituga.	TP 13/4 do 1.4.2009.
<i>Zea mays</i> L. (partim).	Millo doce e millo de estourar.	TP 2/3 do 11.3.2010.
<i>Cucumis melo</i> L.	Melón.	TP 104/2 do 21.3.2007.
<i>Cucumis sativus</i> L.	Cogombro e cogombríño.	TP 61/2 do 13.3.2008.
<i>Petroselinum crispum</i> (Mill.) Nyman ex A. W. Hill.	Perexil.	TP 136/1 do 21.3.2007.
<i>Capsicum annum</i> L.	Pemento.	TP 76/2 do 21.3.2007.
<i>Allium porrum</i> L.	Allo porro.	TP 85/2 do 1.4.2009.
<i>Raphanus sativus</i> L.	Ravo e raviño.	TP 64/1 do 27.3.2002.
<i>Citrullus lanatus</i> (Thunb.) Matsum. et Nakai.	Sandía.	TP 142/1 do 21.3.2007.
<i>Lycopersicon lycopersicum</i> .	Tomate.	TP 44/3 do 21.3.2007.
<i>Daucus carota</i> L.	Cenoria de mesa.	TP 49/3 do 13.3.2008.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Nome común	Protocolo
<i>Beta vulgaris</i> L.	Acelga.	TG/116/4 do 31.3. 2004
<i>Brassica napus</i> L. var. <i>napobrassica</i> L. Rchb.	Nabicol.	TG/89/6 Rev. 4.4.2001 + 1.4.2009
<i>Cichorium intybus</i> L.	Chicoria industrial ou italiana.	TG/172/4 do 6.4.2005
<i>Cucurbita maxima</i> L. Duchesne.	Cabaza.	TG/155/4Rev 28.3.2007 + 1.4.2009
<i>Brassica oleracea</i> L.	Col forraxeira ou verza.	TG/90/6 do 31.3.2004
<i>Scorzonera hispanica</i> L.	Escorzoneira ou barba cabreira.	TG/116/4 do 24.10.2010
<i>Brassica rapa</i> L.	Nabo.	TG/37/10 do 4.4.2001
<i>Raphanus sativus</i> L.	Ravo de inverno ou ravo negro.	TG/63/6 do 24.3.1999
<i>Rheum rhabarbarum</i> L.	Ruibarbo.	TG/62/6 do 24.3.1999

ANEXO VIII

Regulamento técnico de inscrición de variedades de vide

1. **Ámbito de aplicación.**—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as especies con variedades cultivadas do xénero botánico «*Vitis*», así como os seus híbridos interespecíficos e intervarietais.

2. **Data límite de presentación de solicitudes de inscrición.**—A data límite de presentación das solicitudes para cada campaña será, para calquera variedade, o 1 de decembro.

3. **Material necesario para os ensaios.**

15 baceiros, no caso de portaenxertos.

15 plantas enxertos sobre portaenxerto 110 Richter, no caso de variedades viníferas ou de mesa.

Este material terá un vigor adecuado que asegure a súa viabilidade e deberá cumprir as seguintes condicións:

Sanidade:

Plantas visiblemente sas e libres de enfermidades transmisibles

Acompañadas dun certificado de análise serolóxica de laboratorio autorizado, con resultado negativo para as viroses fixadas no Regulamento técnico de control e certificación de plantas de viveiro de vide para a categoría certificada.

Tratamentos:

Non terá sido obxecto de tratamento químico non autorizado. Se foi tratada, informarase en detalle dos tratamentos e produtos empregados.

Non proverá directamente dun tratamento de termoterapia salvo que se sometese a unha comprobación previa de adecuación co material orixinal.

Método de produción: o material da mostra non se terá obtido mediante a técnica in vitro.

Etiquetaxe: o conxunto dunha mostra deberá ir precintado no seu conxunto ou, en caso contrario, de forma individual, e levará unha etiqueta identificativa cos seguintes datos:

Especie.
Variedade.
Solicitante.
Clon, se é o caso.

Importacións: o material procedente doutro país deberá cumprir con todas as formalidades alfandagueiras e fitosanitarias en vigor.

4. Data límite de entrega do material.—A data límite de entrega de material será entre o día 10 de xaneiro e 10 febreiro de cada ano.

5. Criterios de avaliación.—A duración do ensaio será de polo menos dous períodos de frutificación en ciclos independentes de cultivo.

Os ensaios levaranse a cabo nunha soa localización.

Cada exame incluírá 10 cepas.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Especie que cumpre coa directriz de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Vitis vinifera L.	Vide	TP/50/1 do 6.11.2003

ANEXO IX

Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies froiteiras de carabuña e pebida

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

Albaricoqueiro: *Prunus armeniaca* L.
Amendoeira: *Prunus amygdalus* Batsch.
Amendoeira x pexegueiro: *Prunus amygdalus* Batsch. X *Prunus persica* (L.) Batsch
Cerdeira: *Prunus avium* L. /*Prunus cerasus* L./ e híbridos
Ameixeira europea: *Prunus domestica* L.
Ameixeira xaponesa: *Prunus salicina* Lindl.
Maceira: *Malus domestica* Borkh.
Pexegueiro: *Prunus persica* (L.) Batsch.
Pereira: *Pyrus communis* L.
Portaenxertos xénero *Cydonia* e os seus híbridos.
Portaenxertos xénero *Malus* e os seus híbridos.

Portaenxertos xénero Prunus e os seus híbridos.
Portaenxertos xénero Pyrus e os seus híbridos.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación de solicitudes serán as seguintes:

Albaricoqueiro: 1 de novembro.
Amendoeira: 1 de novembro.
Amendoeira x pexegueiro: 1 de decembro.
Cerdeira: 1 de decembro.
Ameixeira europea: 1 de decembro.
Ameixeira xaponesa: 1 de novembro.
Maceira: 1 de decembro.
Pexegueiro (variedades de cedo): 1 de novembro.
Pexegueiro (variedades medias e de tarde): 1 de decembro.
Pereira: 1 de decembro.
Portaenxertos xénero Cydonia e os seus híbridos: 1 de decembro.
Portaenxertos xénero Malus e os seus híbridos: 1 de decembro.
Portaenxertos xénero Prunus e os seus híbridos: 1 de decembro.
Portaenxertos xénero Pyrus e os seus híbridos: 1 de decembro.

3. Material necesario para os ensaios.—O material necesario para ensaios deberá enviarse só o primeiro ano.

Albaricoqueiro: 9 árbores enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal Adesoto101.
Amendoeira: 9 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal GF677.
Amendoeira x pexegueiro: 15 chantóns autoenraizados.
Cerdeira: 9 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal Santa Lucía 64 (SL 64).
Ameixeira europea: 10 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal San Julian A.
Ameixeira xaponesa: 9 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal Mariana 26-64.
Maceira: variedades obtidas por cruzamento, 10 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal M 9.
Variedades obtidas por mutación, 15 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal M 26.
Pexegueiro: 9 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal GF 677.
Pereira: variedades obtidas por cruzamento, 9 plantas enxertadas dun ano sobre portaenxerto clonal marmeleiro BA 29 e en caso de incompatibilidade sobre pereira manteigosa Hardy.
Variedades obtidas por mutación, 15 plantas nas mesmas condicións que a anterior.
Portaenxertos xénero Cydonia e os seus híbridos: 25 chantóns autoenraizados.
Portaenxertos xénero Malus e os seus híbridos: 25 chantóns autoenraizados.
Portaenxertos xénero Prunus e os seus híbridos: 15 chantóns autoenraizados.
Portaenxertos xénero Pyrus e os seus híbridos: 25 chantóns autoenraizados.

4. Datas de entrega de material.—As datas límite de entrega de material serán as seguintes:

Albaricoqueiro: do 1 de decembro ao 31 de xaneiro.
Amendoeira: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
Amendoeira x pexegueiro: do 10 de xaneiro ao 15 de febreiro.
Cerdeira: do 10 de xaneiro ao 15 de febreiro.
Ameixeira europea: do 10 de xaneiro ao 28 de febreiro.
Ameixeira xaponesa: do 1 de decembro ao 1 de xaneiro.

Maceira: do 10 de xaneiro ao 28 de febreiro.
 Pexegueiro (variedades de cedo): do 1 de decembro ao 31 de xaneiro.
 Pexegueiro (variedades medias e de tarde): do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
 Pereira: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
 Portaenxertos xénero Cydonia e os seus híbridos: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
 Portaenxertos xénero Malus e os seus híbridos: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
 Portaenxertos xénero Prunus e os seus híbridos: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.
 Portaenxertos xénero Pyrus e os seus híbridos: do 10 de xaneiro ao 10 de febreiro.

No caso de que por algún accidente quede inutilizado o material vexetal, o solicitante, logo de requirimento do Rexistro de Variedades Comerciais, deberá proceder a un novo envío deste.

5. Criterios de avaliación.—As observacións efectuaranse durante un mínimo de dous anos de frutificación ou de dous períodos vexetativos. Excepcionalmente, estas poderanse realizar en árbores adultas existentes en plantacións xa establecidas no territorio nacional.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Nome común	Protocolo
Prunus armeniaca L.	Albaricoqueiro.	TP 070/2 do 13.3.2008.
Prunus avium L./Prunus cerasus L.	Cerdeira	TP 035/2 do 15.11.2006.
Prunus domestica L.	Ameixeira europea	TP 041/1 do 6.11.2003.
Prunus salicina Lindl.	Ameixeira xaponesa.	TP 084/1 do 6.11.2003.
Malus domestica Borkh.	Maceira.	TP 014/2 do 14.3.2006.
Prunus persica (L.) Batsch.	Pexegueiro	TP 053/1 do 27.3.2003.
Portaenxertos xénero Prunus e os seus híbridos.	—	TP 187/1 do 13.3.2008.
Pyrus communis L.	Pereira	TP 015/1 do 27.3.2003.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común.	Protocolo.
Prunus amygdalus Batsch	Amendoeira	TG 56/3 do 15.11.1978.

ANEXO X

Regulamento técnico de inscrición de variedades de especies cítricas

1. Ámbito de aplicación.—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades das especies seguintes:

Limeira: Citrus aurantiifolia (Chistm. et Panz.) Sw./Citrus limetta Risso.
 Limoeiro: Citrus limon (L.) Burm. F.
 Mandarineiro: Citrus reticulata Blanco/Citrus nobilis Lour./e híbridos.
 Laranxeira: Citrus sinensis Osbeck/Citrus aurantium L.
 Pomelo: Citrus paradisi Macf.
 Toranxa: Citrus grandis Osbeck.
 Portaenxertos xénero Poncirus e os seus híbridos.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.—As datas límite de presentación de solicitudes serán as seguintes:

Limeira: 15 de abril.
 Limoeiro: 15 de abril.

Mandarineiro: 15 de abril.
 Laranxeira: 15 de abril.
 Pomelo: 15 de abril.
 Toranxa: 15 de abril.
 Portaenxertos xénero Poncirus e os seus híbridos: 15 de abril.

3. Material necesario para os ensaios.—O material necesario para ensaios deberá enviarse só o primeiro ano.

Limeira: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Limoeiro: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Mandarineiro: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Laranxeira: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Pomelo: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Toranxa: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

Portaenxertos xénero Poncirus e os seus híbridos: 4 varetas de 6 a 10 mm de diámetro, dun ano de idade con polo menos 20 xemas útiles.

O material vexetal a que se refire o punto anterior deberá cumprir as condicións fitosanitarias establecidas no Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.

4. Datas de entrega de material.—As datas límite de entrega de material serán as seguintes:

Limeira: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Limoeiro: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Mandarineiro: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Laranxeira: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Pomelo: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Toranxa: do 15 de maio ao 30 de xuño.
 Portaenxertos xénero Poncirus e os seus híbridos: do 15 de maio ao 30 de xuño.

No caso de que por algún accidente quede inutilizado o material vexetal, o solicitante, logo de requirimento do Rexistro de Variedades Comerciais, deberá proceder a un novo envío deste.

5. Criterios de avaliación.—As observacións efectuaranse durante un mínimo de dous anos de frutificación ou de dous períodos vexetativos. Excepcionalmente, estas poderanse realizar en árbores adultas existentes en plantacións xa establecidas no territorio nacional.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.—Especies que cumpren coas directrices de exame da OCVV:

Nome científico	Nome común	Protocolo
Citrus aurantiifolia (Chistm. et Panz.) Sw/Citrus limetta Risso.	Limeira.	TP 203/1 do 18.11.2004.
Citrus limon (L.) Burm. F.	Limoeiro.	TP 203/1 do 18.11.2004.
Citrus reticulata Blanco/Citrus nobilis Lour./e híbridos.	Mandarineiro.	TP 201/1 do 18.11.2004.
Citrus sinensis Osbeck/ Citrus aurantium L.	Laranxeira.	TP 202/1 do 18.11.2004.
Portaenxertos xénero Poncirus e os seus híbridos.	—	TP 083/1 do 18.11.2004.

Especies que cumpren coas directrices de exame da UPOV:

Nome científico	Nome común	Protocolo
Citrus paradisi Macf	Pomelo	TG 204/1 do 9.4.2003.
Citrus grandis Osbeck	Toranxa	TG 204/1 do 9.4.2003.

ANEXO XI

Regulamento técnico de inscrición de variedades de amorodo

1. **Ámbito de aplicación.**—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades do xénero *Fragaria*.
2. **Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.**—A data límite de presentación de solicitudes será o 10 de setembro.
3. **Material necesario para os ensaios.**—O material necesario para ensaios deberá enviarse durante dous anos consecutivos, entregándose sempre o mesmo tipo de material en ambos os anos:
Amorodo: 40 plantas frescas.
4. **Datas de entrega de material.**—A data límite de entrega de material será entre o 10 e o 25 de outubro.
No caso de que por algún accidente quede inutilizado o material vexetal, o solicitante, logo de requirimento do Rexistro de Variedades Comerciais, deberá proceder a un novo envío deste.
5. **Criterios de avaliación.**—As observacións efectuaranse durante un mínimo de dous anos.
6. **Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.**—Especie que cumpre coa directriz de exame da OCVV:

Nome científico	Denominación común.	Protocolo.
<i>Fragaria x ananassa</i> Duch	Amorodo	TP 022/1 do 27.3.2003.

ANEXO XII

Regulamento técnico de inscrición de variedades de oliveira

1. **Ámbito de aplicación.**—O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades da especie seguinte:
Oliveira: *Olea europaea* L.
2. **Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.**—A data límite de presentación de solicitudes será a seguinte:
Oliveira: 1 de xaneiro.
3. **Material necesario para os ensaios.**—O material necesario para ensaios deberá enviarse só o primeiro ano.
Oliveira: 8 plantas autoenraizadas dun ano.
4. **Datas de entrega de material.**—A data límite de entrega de material será a seguinte:
Oliveira: do 1 de febreiro ao 30 de marzo.
No caso de que por algún accidente quede inutilizado o material vexetal, o solicitante, logo de requirimento do Rexistro de Variedades Comerciais, deberá proceder a un novo envío deste.
5. **Criterios de avaliación.**—As observacións efectuaranse durante un mínimo de dous períodos de frutificación.
6. **Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.**—Especie que cumpre coa directriz de exame da UPOV:

Nome científico	Denominación común	Protocolo
Olea europaea L.	Oliveira	TG/99/3 do 13.11.1985.

ANEXO XIII

Regulamento técnico de inscrición de variedades de figueira

1. Ámbito de aplicación.–O ámbito de aplicación deste regulamento comprende todas as variedades da especie seguinte:

Ficus carica L.

2. Datas límite de presentación de solicitudes de inscrición.–As datas límite de presentación de solicitudes serán as seguintes:

Figueira: 1 de marzo.

3. Material necesario para os ensaios.–O material necesario para ensaios deberá enviarse só o primeiro ano.

7 plantas enraizadas dun ano en testos.

4. Datas de entrega de material.–As datas límite de entrega de material serán as seguintes:

Entre o 1 de abril e o 15 de maio.

No caso de que por algún accidente quede inutilizado o material vexetal, o solicitante, logo de requirimento do Rexistro de Variedades Comerciais, deberá proceder a un novo envío deste.

5. Criterios de avaliación.–As observacións efectuaranse durante un mínimo de dous períodos de frutificación.

6. Protocolos para os exames de distinción, homoxeneidade e estabilidade.

ANEXO XIV

Organismos encargados de levar a cabo os ensaios de identificación e para a recepción do material a que fai referencia o artigo 37 deste regulamento

Número	Especies	Enderezo
1	Cereais, hortícolas, oleaxinosas e téxtiles, millo e sorgo, industriais, leguminosas, forraxeiras.	Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA). Avda. Padre Huidobro, s/n. Estrada da Coruña, km 7,500. 28040 Madrid.
2	Pataca.	Neiker. Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario. Campus Agroalimentario de Arkauete. Apartado 46 01080 Vitoria-Gasteiz (Álava).
3	Cerdeira, pereira, marmeleiro.	Comunidade Autónoma de Aragón. Centro de Sementes e Plantas de Viveiro. Avda. de Montañana, 1005. 50016 Zaragoza.
4	Albaricoqueiro, cítricos, ameixeira xaponesa, pexegueiro (var. de cedo e de moi cedo).	Instituto Valenciano de Investigacións Agrarias (IVIA). Estra. de Moncada a Náquera, km 4,500. 46113 Moncada (Valencia).

Número	Especies	Enderezo
5	Amorodo.	Instituto Andaluz de Investigación e Formación Agraria e Pesqueira (IFAPA). Centro Experimental El Cebollar. Estra. de Moguer a El Rocío, km 4,500. 21800 Moguer (Huelva).
6	Vide.	Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria (INIA). Centro de Ensaos de Variedades. R/ Maior, s/n. 31150 La Alberca (Murcia).
7	Oliveira.	Universidade de Córdoba, Departamento de Agronomía. Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos e de Montes. Avda. Menéndez Pidal, s/n. 14009 Córdoba.
8	Amendoeiro, pexegueiro (var. medias e de tarde).	Centro de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria (CITA). Avda. de Montañana, 930. 50016 Zaragoza.
9	Maceira, ameixeira europea, amendoeira x pexegueiro, portaenxertos xénero Prunus.	Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Estación Experimental Aula Dei. Avda. de Montañana, 1005. 50059 Zaragoza.
10	Abeleira.	IRTA. Centro Experimental Mas Bove. Estra. Reus-El Morell, km 4,500. 43120 Constantí (Tarragona).
11	Nogueira.	IRTA. Torre Marimón. 01140 Caldes de Montbuí (Barcelona).
12	Figueira.	Xunta de Extremadura. Centro de Investigación da Finca de La Orden e Valdesequeda.